Núm. 31

25-7-26

nós.



NÓS.

BOLETIN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

DIREITOR LITERARIO
Vicente Risco

DIREITOR ARTÍSTICO
Alfonso R. Castelao

DIREICIÓN E REDAUCIÓN
Sto. Domingo, 47 - OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:
Real, 36 1.º - A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce númaros, na Península	**6** pesetas.
Fora da Península	**15** ,,
Númaro sollo na Península	**1** ,,
Na Arxentina	**60** centavos
En Cuba	**30** ,,

OS PAGOS SON ADIANTADOS E OS GASTOS DE XIRO DE CONTA DOS SUSCRITORES

Este boletín non pubrica mais orixinás qu'os que foran direitamente solicitados pol-a Direición. Tampouco se fai solidario das ideias n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

SUMARIO

A vella Fanchuca, por Castelao; *Meditaciós do Sant' Yago,* por Ramón Otero Pedrayo; *Airiños, aires,* por Noriega Varela; *Poesía,* do Marqués de Figueiroa; *Un vilancico galego no ano 1818,* por Armando Cotarelo; *O paspallás,* por Xosé Filgueira Valverde; *O Amoi,* por G. Díaz Herrera; *Noite de trunfo,* por Leandro Carré; *A castañeira de Santiago,* por Felipe Fernández Armesto; *Festa no ceo e na terra,* por Augusto María Casas; *Santa María de Cambre,* por Anxel del Castillo; *Cantos populares da Bretaña,* tradución de J. Núñez Búa; *30 F.,* por Fernández Mazas; *Notas pra un estudo da Urdiñeira,* por Anxel R. Cerdeiriña. Dibuxos de Castelao e Fernández Mazas.

LEA VOSTEDE *A NOSA TERRA* *IDEARIUM DAS IRMANDADES*

Administración Real, 36 — A Cruña

Dr. MOSTEIRO

Médico Odontólogo

Medicina e Cirugía da boca -- Electricidade -- Rayos X

A Clínica Dental mais compreta de Galicia

SÁNCHEZ BREGUA, 5 — A CRUÑA

LUIS FÁBREGA

DROGUERIA E FARMACIA

Progreso esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plumeiros RAFIUM

De mais dura qu·os de pruma e limpa millor

Véndense en todol-os estabrecimentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

Reloxeria ZENITH

Máquinas parlantes, Discos, Agullas e Accesorios

M. Calviño

OURENSE

A mais económica de Galicia

AXIÑA APARECERÁ **HOSTIA** POR ARMANDO COTARELO

SANATORIO QUIRURJICO

DIREITORES

Manuel Peña Rey

Ginecología e Partos

José Mosquera Blanco

Cirugía geral

Especialista na gorxa, nariz e ouvidos

Situado frente á Alameda do Cruceiro, ten todal-as condicións precisas.—Prauticase toda·crás d'operacións.—Dotado de todol-os adiantos que pide a actual Cirugía.—Modernas instalacións de RAYOS X pra diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fonda, con voltaxe de 250.000 voltios.—Aparello de Diatermia pra tratamento de Auexiles, procesos inflamatórios, reumatismo, etcétera. Lámpara de cuarzo pra sol d'altitude e raios-violeta pra tratamento d'escrofulosis, raquitismo, alopecias, eczemas, etcétera. Admítense embarazadas, e cóntase con material esterelizado pra fora da cibdade en casos d'urxencia.—Poden colaborareu todol-os compañeiros, previo consentemento dos direitores.

BODEGAS GALLEGAS PEARES E OURENSE

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS Blanco BRILLANTE. LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macía e Valeiras, Apartado 18--Ourense

AUTOMÓVILES

RENAULT (TURISMO e CAMIÓS de 1 a 5 toneladas)

MERCEDES-BEUZ

CITROEN

HUDSON

ESSEX

REPRESENTANTE XENERAL EN GALICIA

MANUEL NEIRA - (Vigo)

N'OURENSE -- O REPRESENTANTE DA CASA

JUSTINIANO R. BOUZO

Motores & Máquinas CELTA

MARCA REXISTRADA

Suministros industrieas -- INSTALACIÓS

Gasolina, Petróleo, aceites pesados SHELL

Cubertas - Cámaras - Macizos BERGOUGNAN - MICHELIN

José Ramón Pérez Cid

Progreso, 54 e 90 -- OURENSE

Gran Fábrica de Calzado

DE

ANGEL SENRA

Casa fundada no ano 1879

CAPACIDAD: 1.000 PARES DIARIOS

A CRUÑA

Sucursales: A CRUÑA - VIGO - FERROL

USE VOSTÉ DE COTE

Crema dentífrica "ORZAN„

É MOI AGRADABRE

É DESINFECTANTE

É INOFENSIVA

É.... GALEGA

Entre as de outa calidade, é tamén a mais económica

TUBO: 1'50 ptas.

O IMPORTE DO TIMBRE A CÁRREGO DO CONSUMIDOR

Véndese en todas partes

DROGUERÍA

Sucesores Eudoro Pardo Labarta

ESPECIALIDADES FARMACÉUTICAS

PINTURAS PERFUMERIA

Puerta del Sol, 14 - Vigo

Casa RODRIGUEZ

Progreso, 97 -- OURENSE

TELÉFONO 83

Comedor Renacimento hespañol,



da Casa Rodríguez d'Ourense

Esta Casa, a millor de Galiza na sua arte, ten sona dentro e fora da nosa terra pol-os moblaxes de luxo, que traballa EN TODOL-OS ESTILOS ANTIGOS E MODERNOS, entrepretados con fino gusto e fonda coñecencia das artes suntuarias de todol-os tempos e naciós

---

Ten exposición permanente de MOBLAXE ARTÍSTICO, e fermosas TAPICERÍAS nacionás e extranxeiras, mais traballa tamén en MOBLAXE ECONÓMICO, do que ten unha importante seición.

Encárgase ainda de faguer ISTALACIÓS de Cafés, Bars, Hoteles e calquera caste de traballo achegado á Ebanistería. Pódenselle pedir ESTUDOS e PROIEITOS.

AUGA DE COLONIA

"LA CARMELA"



para teñir as canas

BOMBONS DE CREMA XIADA

NANOUK

PATENTADO

"Los Castellanos" **Rúa da Oliva**

Pontevedra

VISITADE o

SUNTUOSO

Gran Balneario de La Toja

CONFORTABRE

ABERTO DENDE O 1.º DE SAN XOHAN O 30 DE SEPTEMBRE

F. ROMAN E SACO

DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19 — Teléfono 28

OURENSE

nós

BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano VIII ★ Ourense 25 Xulio 1926 ★ Núm. 31

A VELLA FANCHUCA

STA morea de pedras e tellas, de latas tomadas e táboas podres, que semella un cortello abatido, foi o tobo en que viveu moitos anos a vella Fanchuca.

Esta figueira de ponlas ensarilladas foi o amparo da vivenda. Os figos ninguén degaraba comelos porque sabían a miseria.

A vella Fanchuca pregaba de porta en porta, alá cando nas nosas aldeas había mais fartura de pan que de diñeiro. Ainda era no tempo en que cada esmola recibía un bico de quen-a daba e outro bico de quen-a collía; porque as esmolas non eran cachos de cobre acuñado, que eran codelos de pan ou espigas de millo.

A siñá Fanchuca, por ser tan probe e tan vella e por estar tan perto da morte, ía tornándose terra e xa se confundía de lonxe co-a lama dos camiños. Mais a vella Fanchuca sabía remozarse o día da festa prendendo na roupa moitos remendiños bonitos: adobíos da sua probeza, que o sol e a choiva de tod'o ano ían trocando en novos farrapos terroeiros.

A vella Fanchuca contaba máis de catro veces vinte anos e portaba nas roupas os remendiños de todal-as festas, talmente como levan as plumas os paxaros cativos.

A primeira mostra de probeza que fitaron os meus ollos foi a siñá Fanchuca e dende aquela viven tan aparelladas na miña memoria a vellez e a miseria que ainda hoxe todol-os vellos enrugadiños parécenme probes de pedir pol-as portas.

CASTELAO

MEDITACIÓS DE SANT'YAGO

LÉMBROME hoxe da serán lonxana na que chegaba cos meus condiscipres â pequena estación de Barbantes. Unha lembranza que non xurde com'unha néboa feble, apenas percisada, no decorrer de sombras, d'asociaciós mainas, de repentementos, de pormesás i-esperanzas sen figura que enchen ista serán d'hoxe pasada â veira do braseiro a carón de libros valeiros pol-o momento de siñificanza... Sinon que é unha lembranza viva, con todol-os carauteres d'unha realidade presente, urxente, imperiosa. Alento no ar d'aquila serán morta xa hai tantos anos.

Finaron as vacaciós de Nadal i-os estudantes do Preparatório voltaban pra Sant'Yago. Foran os meus compañeiros no Istituto e inda viviamos na irmandade criada no unánime espertar das nosas vidas. Eu era estudante *por libre*. Soilo ía co-iles hastra Barbantes pra dend'alí rubir â miña aldeia. E sentía con fondo desacougo que nas maneiras ben conoscidas i-estimadas de todos iles habia unha cousa nova; mais no tono e no matís que no propio conteñido das verbas. Cando ó tren saiu, i-eu quedei na pequena estación, algunha cousa sentín que me fixo *mirar* craramente o meu isolamento. Iles eran estudantes de Sant'Yago; xa non vivía na sua intimidade; faltábame rubir unha estaxe superior na vida. Foi unha data na miña mocidade: por primeira ves considereime lonxano d'ús rapaces c'os que me cinguía un agarimo tan entranabre que nos derradeiros anos do Bachilerato sentía bágoas nos ollos ô pensar no día da soparación, nos pirmeiros tráxicos pasos por difreates camiños.

Rubindo a costa dos piñeirales, ô compás do erguerse das montanas no hourizonte mais espallado a cada volta da estrada, íbame enchendo de ledicia saudosa un sentimento de Sant-Yago. Aquela noite dinme conta de coma Sant-Yago latexa (son tan amprias e fondas as vibraciós da sua y-alma!) en todol-os curruchos de Galicia. Na miña casa aldeán xurdían lembranzas compostelás; na casa qu'eu inda percorría com'un neno e con ollos de rapás ollaba a paisaxe doce que fai o xardín de roseiras e buxos sobr'o fondo dos arboredos e das searas. Inda levaba loito por meu pai. No despacho tristeiro, acugulado de lembranzas, inda estaban tal coma il as deixara os feixes de cartas, recortes de pródicos, fotografías ameradas pol-os años, libros do tempo da estudiaintina. As cartas do meu abô ô seu fillo foran pra min de firentes evocaciós n-aquiles dias d'isolamento e maleaconía. Gárdoas na mesma caixa. Teñen os sobres pequeniños, un pouco alongados, pechados con oblelas; levan o franco d'Isabel II e din: «Sr. D... cursante en la Universidad de Santiago».

Eu maxinaba a carta indo de mau en mau pol-os carteiros labregos hastra chegar ô coche correio. O estudante vivía na rua de Mazarelos. Cando fun a Sant'Yago procurei con ánsia aquila rua i-atopeina en tudo igoal ô que pensaba d'ila: pequeneira, sinxela, casiñas un

pouco somellantes âs dos portos (Muros, Bayona, Pontevedra) difrente pol-o caraute mais pechado proprio de Compostela e pol-a falta dos balcós sinxelamente adornados que parescen agardar, nas casiñas da veiramar, a chegada da onda leviân da mareia. N-ista rua de resoantes laxes, de farol afeito a botar n-outro tempo lús de posibre drama sobre dos bultos dos cospiradores, vivía o estudante. Meu pai. Era probe, soilo lle mandaban da casa douscentos reás ô mes. Pol-as cartas, pol-os retratos, por notas soltas deixadas en libretas, por anacos de conversas e de lembranzas que lle tiña ouvido dende neniño e que dend'aquila data xurdíanme ordeados na memoria, figurábame cando meu pai ía car'a Sant'Yago n-unha mula guiada a pé pol-o Sr. Estebo da Pobanza, un home qu'inda eu vin tolleitiño, enfiando cebolas ô pé d'un cabaceiro, n-un sol-pôr d'outono.

Unha noitiña chegaban a Lalín. Xa dend'a campía ouvían o bater do tambor. A Guardia Nacional estaba formada na estrada, saían propios con plegos pr'os alcaldes. Era a Revolución de Setembre.

Nos viaxes sentían ouvear os lobos, cruzábanse con inquedantes fatos de mornos viaxeiros, rescibían de cheo a lampada d'ollar analíteco dos espías de ladrós, negrexaban ô empardecer as cruzes que sinalan o sitio do crime. Mais tamén o alento forte dos vals montesíos viña carregando o recender ledo das carballeiras e das colleitas, o xamón de Tras-Deza i-o viño chirlán i-escumoso agardaba nas pousadas, sentíase correr sobr'as xesteiras o vento, sempre mozo, das serras.

O estudante tiña a lús acesa a môr porción da noite. O Sant'Yago d'entón asulagado na moura sombra das pedras e da noite, resoaba de berros de villéus, de cancións politecas, de *serenatas* románticas âs noivas señoritas, âs costureiriñas da rua de San Pedro. A luciña do estudante na rua de Mazarelos caía riba da testa loira e riza, incrinada sobr'os libros. Neumayer, Mata, as leucións clínicas de Trousseau no *Hotel-Dieu* de Paris. Que pensaría o estudante de París onde espricaba aquil doctor Trousseau, de maxistrales patillas? París: centro de cencia, estudos inquedantes da Salpetriére, a Morgue, ruas formiguexantes dispostas a se cobrir de barricadas, bruantes cenas d'emigrados (o polaco tráxico e calado, o atolado irlandés, o *carbonaro* incomparabre mestre en revolucións). París: outra Nosa Señora de cencia e libertade, Victor Hugo no rochedo de Guernesey, miragres de vontade, o ecoar das pisadas de Napoleón, un mundo aberto ôs rapaces de xenio... O estudante pensaba de seguro n-istas e n-outras cousas. Hai no sigro XIX un romantismo centífeco: seguindo a topografía das veas e dos muscios no cadavre, un estudante intelixente sentía, apesar das afirmacións positivistas en moda nos espritos fortes, un certo arripío, unha non confesada desespranza nada do firente contraste antr'o estudo triunfante da materia i-a formación espritoalista da raza.

O estudante tiña a verba fermosa, segura, limpa e forte. Fixo oposicións a interno: riase, de vello, contando as circunstancias do seu triunfo contra un certo opositor noyés que chegaba cinguido de grande sona e con longas barbas medicales.

Os estudantes con barbas. É cousa que hoxe apenas podemos maxinar. Os estudantes d'entón tiñan moito de fidalgos d'aldeia. Entón os señores, probes ou ricos, inda se non apartaran do campo. Ca mocidade das Escolas entraba en Compostela o ar dos pazos, das aldeias, das ribeiras e das montanas de Galiza.

N-aquiles dias, xa lonxanos, vivín o Sant'Yago da mocidade do meu pai. Era eu un neno enloitado. Paseaba pol-a solaina onde gosta demorarse o sol, ou soñaba no tristeiro despacho que tén unha ventana ô Norte e garda o grande mapa de Fontán.

***

A grandeza imperial de Roma non s'atopa en Sant'Yago; iste é un logar eleito pol-o espritu, unha terra millor que un tempro. Nas cátedras de San Pedro ou de Letrán fálase cón ar dogmáteco; definen, percisan, disfinguen, ordean, condenan. De Sant'Yago non ten xurdido ningunha lei, ningunha obrigación pr'os homes. Certa cousa latexa baixo do chán, certa vós ou arume irmán das voces e dos arumes que se forman no selo das almas individuais mais desemellantes e lonxanas. A xente, ô espertar nas craras mañáns, co-a arela do perelinaxe compostelán, ven pra confirmare,

non pra deprendere. No camiñar xúntase as arelas d'ús cas dos outros, i-a moitedume alongada pol-as estradas, vai criando unha compreta unanimidade de fé. Veñen sen dúbida e sen remorso, aixiña, en procura do chán ond'as fontes do sentimento corren ceibes. Hai unha levitación en canto se descobren as torres xacobeas, ô pousar o pé no chán síntese coma o nacemento d'unhas azas leviás. As almas chegan ca seguranza d'unha confirmación. Mais pra iso, é preciso o camiño.

Camiño de perfeución. O andar é unha das defensas e das armas da virtude. Os grandes paseantes isolados alancan pol-os campos e pol-os camiños pra ir matando as serpes do pecado que medran i-engrasan na priguiza do corpo deitado. No longo camiño vanse sucedendo os hourizontes: no ritmo de costas e baixadas, no ritmo de terras espalladas e de fondos vals, a ý-alma fai unha xinasia purificante. Moitas veces o camiño soilo vai criando seu fin e sua causa. Cicais certas emigraciós de pobos e moitos desprazamentos non espricados dos homes, non sexan senón a procura escuramente sentida da milloranza espirtual pol-a obra do camiño.

A grandeza de Sant'Yago non-a fixeron riolas de doutores e si fatos de moitedumes; os cumes da santidade, da teoloxía, da guerra e do poder, viñan coma simpres pelegris. O que tiñan de sinxelo, de especie espirtoal cos mais do seu tempo era o elemento que se desenrolaba ô longo do pelerinaxe. A Vía Láctea non loce cas estrelas maiores: é tépedo locir, mainо, tremoroso, é río astral de nebulosa espranzada, nova, xoven, indretemiñada coma é proprio das almas dos pobos.

***

O sonado retrato de Maurice Barrés por Zuloaga pôn ô esguio e lanzal lorenés – profil malencónico e domiñador feito pr'a dipromacia do sigro Luís XVI, obrigado pol-os tempos a finas estratexias espirtoales – frente ô roquedo de Toledo coroado por finas arquiteituras. A vila parés querer desaxuntarse do seu solar pra frotar, n-un éstasis, no ouro do sol-pôr. Mirase o esforzo o *élan* misteco querendo desprenderse en agullas góticas, finezas teolóxicas, desenganado poderío imperial da resiñanza das roínas de mouros, das obras sabias apegadas ô chán pol-os mudéxares amigos do bô e vizoso vivir. Mais misteca que Toledo, chega Avila ô éstasis todal-as seráns no seu paisaxe nú, cuasque luar, feito pr'as tolas penitenzas de San Pedro d'Alcántara. Mais Avila ten os oitenta cubos da muralla, cintura que apreta o hábito dos penitentes.

Sant'Yago non quer desacougarse da terra nin se cingue de muros receosos. Está ben prantado no cerne do monte e as eirexas e mosteiros viven co mismo alento das penedías; a terra é santa i-os tempros feitos da misma pedra non fan senón definir, n-un xeito criado e artísteco, o sentimento misteco da terra. O xerme da vila foi unha coba. Hai certa semellanza antre Sant'Yago e un campo de mámoas, ou unha penascada das serras, ou un facho da costa arteixado en cons, desfeito en illas. Ningunha vila histórica millor prantada no chán. A terra, eiquí, non é pecado nin a arte un elemento estrano, nin a orazón quer afastarse da terra na que reside a santidade apostóleca.

O sangue espirtoal do chán galego frorece naturalmente na penedía artisteca de Compostela.

***

En Sant'Yago respírase un ar campesio. Chegando dos tépedos vals ourensáns nos que os penedos traballados pol-as raíces das cepas gardan a quente raxeira de San Xoan, chegando das praias loiras das Rías, aire cheo da quentura do sol-pôr na mar, (en Ourense o sol sempre paresce alomear no coto do ceo, nas Rías Baixas o raio derradeiro é o triunfante, un istantiño, dinantes de s'apagar, no curvo hourizonte das olas) síntese en Sant'Yago un forte arume de montana. O vento chega en vibradoiros empuxes sucesivos por riba dos lombos das serras froridas de ericas, de xesteiras, vai seguindo a fondura dos valciños sempre mollados criadores de bidueiros i-envolve a Sant'Yago co forte i-animador recender das carballeiras e dos cotos. A misticidade, o poder dos logares eleitos ten unha clave de interpretación no estudo do ar que os cingue, cobre e penetra. É ben difrente o aire de Roma do de Venezia ou do sopro de forno d'Aleixandría.

Unha friaxe cristaiña cria o viver forte dos cumes. Os aires carregados d'auga mariña ô chegar ôs cotos de Sant'Yagó, emocionase en bréteima, en orballo. Sintese no rosto o bico da montana ô igoal de cando rubimos un camiño encostado e chegamos diante d'unha casa fidalga. Na solaina ond'o amo nos recebe, nas grandes salas, nas pedras da eira, reina un ambente enérxico que fai pensar nas outas arelas, nas decisiós destemidas. Iste ar de Sant' Yagó ten ademais o sopro que sai das pedras: da pedra en si, tallada en grandes poliedros e dos espazos (claustros, naves, cúpulas, ruas, criptas...) cinguidas de pedra. N-istes espazos o ar gárdase en individualidás que baten nas frentes de difrente maneira. E pódese distinguir o ar da catedral, do acugulado no pazo de Xelmírez, do estancado na Quintana, do que vibra pol-o cantareiro empuxe das fontes nos páteos do Hospital.

***

Alóngase o convento de Santa Clara ô decorrer da carretera. N-está carretera da Craña coma na veciña rua dos Loureiros, todo é longo, unha das pontas da vila cár'a campía espallada e erma. O convento non vira pr'a carretera inda que s'abran a ela moitas ventanas. Mira pr'o interior e pr'as hortas e pra Santo Domingo i-o Pico Sagro. Aquelas hortas teñen tudas unha tristeza de convento. Si non é o paraíso dos couselos, coma Belvís, é pol-o menos unha das illoas do silenzo no grande archipélago de soedades que é Sant'Yago. Santa Clara – co Carmo, son as duas primeiras probes ascétecas qu'están axoelladas na estrada da vila. Son ceguiñas milagreiras. Virxes cheas de ledicia do ceo espallado, da fé dos houri-zontes cristaiños do Tambre. O convento, a eirexa é unha obra rara. Toda xeometría: feita d'unha maneira de tolería de sólidos, unha cristaización de cubos, dados, pirámides, unha cousa cubista. No cima un tonelete parés perder un equilibro inestabre. Parés que vai cair rolando, cristaiño, infantil, xogo de nena cándeda. Dentro hai un campiño sempre verdecente, ca herba que nasce non antr'as xuntas das sepulturas que é herba difrente, s:non de ermida campesía. Co-ise campiño teñen d'ahondo as relixosas pra lembrar o úneco do mundo que poden lembrar as monxas sin door: a nenez, cando xogaban c.n cordeiriño no campo semellante da sua aldeia, un canciño.. Aquela herbá sémpre está igoal. Fuxen d'ela os moscardós d'outono. Ten o verdor das herbas d'amor que sementan na auga as raparigas. Alí está entérrada unha abadesa neta de Muley Hassan. Unha granadina enterrada n-un glaciar. O convento quedou deserto na guerra dos sete anos. Entón o vento entrou libremente. De seguro unha cabirta paceu na herbá do campo.

***

En Sant'Yagó hai un forte estrato de húmús humán, pechado na feitura de nave ou de arca das tumbas, ou ssculármente misturado nos vellos enterramentos co torrón primixénio. Un infindo censo de mórtos figurá no padrón de Sant'Yago. De mortos pre e post-apostólecos. Dos pirmeiros, dos celtas loiros, afeitos a xuntarse ô pé das grandes carballas abćas das que hoxe ruben litúrxicamente ô vello castro da Ferradura, soilo se pode dicir qu'o seu nome e sua historia son terra e coma tal os mais nosos dos nosos mortos. As cámaras dolménicas erixiron seus altares de laxes agarimadas pol-a coberta de terra e sinxelamente participan do esprito caladamente musicel do chán. Soilo os mortos do Medulio teñen unha sona hestórica. Os outros teñen vida cósmica da epopeia sen versos dos nosos orixes.

O Apóstolo é o Grande Morto de Sant'Yago; os seus ósos, o seu probiño esquelete canso das loitas avanxélicas, enchen o solar da cidade. A sua santidade comunicouse a toda a Terra i os que cavaban faciano con certo tino e respeito, moi amodiño pra non lixar o chán apostóleco. Sant'Yago fixose vila com'unha roseira que medrara riba d'unha sepoltura. Mais a lembranza namorada, ademiradora, simbóleca que teñen en toda a parte as sepolturas, foi eiquí lembranza i-espranza viva de fé. Sant'Yago leva o nome d'un dos mortos que mais viven na concencia europea e ten na humanidade un prestixo maor que o das Constantinoplas, Aleixandrias e Seleucias.

Os mortos de Sant'Yago foron nados en moitas terras lonxanas; cantos peligrís chegarían ca íntema arela de deixar os seus ósos n-iste cemiterio ecuménico! Primeiramente foi

a cidade unha colonia de mosteiros arredor da Basílica: os primeiros morxes tiveron o primeiro cemiterio. Logo as eirexas tamén se cinguiron d'un valado de cobas.

O cemiterio da Quintana baixo a múseca poderosa – de pedra e bronce – da catedral, ô pé dos muros teolóxicos d'unha das *Summas* de granito dos benedictinos, ten certo caraute de burguesía civil. As cobas n-iste centro da vila seguiron preto de todol-os movementos, ouvindo os falares de tudo o mundo. O cemiterio de Sar é campesío, labrego. O vello de Bonaval, ô pé das fiestras lanzales de Santo Domingo é un cemiterio romántego. Logo cada eirexa, cada mosteiro ten a sua asambrela saudosa de sepulcros.

Compostela non se pode entender sen os seus mortos. Falan as pedras das cobas co mesmo grave i-eterno tema do soar da torre Berenguela.

***

O Sar homildoso e sinxelo cruza cego as campías verdecentes sen saber da vila ilustre que o cobre de poderosa sombra.

Van decorrendo sobr'as laxes os frios cristaiños da y-auga virxinal: criada na fría rexión do ar, no seo das nubes pelengrinas, refeita no duro cerne dos granitos eternos. A pedra conmovida da montana déixase penetrar pol-as augas do ceo que logo rexurden en fontes de bágoas. A corrente nai baixa chamando garimosamente todal-as augas do monte, vai criando un suco seu, un camiño afondado musicalmente, i-á sua voz todal-as augas pequenas vanse chamando e xuntándose e din: «imos en precura da nosa irmán». Choutando pedras, encorada en lameiros, vai descendo a y-auga dos cotos. As raíces dos torbiscos, os torgos dos amieiros, báñanse na fresca corrente, alma da terra, i-o cantar dos piñeirales aconsella ca grave vós dos bardos o camiñar atolado das augas.

Regueiros saloucantes no rochedo, regueiros musicales dos lameiros estrelecidos de corolas irmás das estrelas! Tamén o camiño de Sant'Yago é un regueiro de lus no lameiro frorido dos ceus.

O río xa forte baixa do alto com'o lobo, com'o pastor montesío en procura da farta beleza do val garimoso. As montanas mírano pasar com'os pais miran ôs nenos xogando ôs homes.

O río sinte a escravitú das pontes e por iso baixo d'elas pasa caladamente deixando de cantar por non dar gosto ô nemigo.

A sombra de Compostela no sol-pôr baixa medoñenta com'unha mau que viñera refrescar na y-auga virxe a quentura ardente do seu sangue: a mau formada pol-os dedos de sombra das torres. O río ô sentir en si a sombra vóltase mais frío, ten frío de medo e soilo se contenta cando no ceo nascen as fontelas estelares e pasou aquela sombra frieira de pedra.

A y-auga corre e ben sabe onde vai: vaise afundir e dilatarse n-un nirvana ideial, verdecente e infinito. Alí descansará da sua carreira nos recunchos e seos da mar d'Arousa espallada mainamente antr'as loiras praias i-as verdecentes terras.

Indefrente a Sant'Yago, soilo ten o Sar dous istantes de pracer que lle dan o vivir imorredoiro da lembranza; Leva ô mar a Saudade de duas almas: a da eirexa campesía e graciosa que lle dá o nome i-a da veiga de Padrón bañada pol-a y-alma de Rosalía. Os vellos misioneiros de Herbón escoitan na noite o pranto do Sar e o seu canto coral vái rimado pol-o salayo saudoso do río.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

O Dr. MOSTEIRO

Trasladou a sua Clínica Dental a Sánchez Bregua, 5 - 1º. A Cruña

Airiños, aires...

A Eugenio de Castro, poeta, lembrando con él outro poeta: seu biografiado Feliciano do Castilho; o vidente cego.

Pasan os aires que increpou a ousada
Musa qu'é carpazona de por vida;
Pasan ulindo â herbiña, ô sol curada,
E a frouma dos piñeiros desprendida.

Saudade – oh, a Triste? – que a espreitar
[s'asoma,
Debullándose en bágoas, lles acena...
(É a sua almiña un delicado aroma,
Emulo dos perfumes d'acucena).

Acénalles, mais... pasan!

D'o Rodeiro
No mais ermo cantiño, un sabugueiro
Mostra abelorios nas miudiñas frores...

E ¡nin reparan!: son indiferentes
Ó enlevo d'as doíñas relucentes,
Y-ô pranto qu'amargura ôs ruiseñores

ANTONIO NORIEGA VARELA

¡Cantos ôs ceguiños,
ceguiños de todo,
ôs cegos da y-alma
ôs cegos do corpo!

Todos chámanlle coitado
A quen perde o millor don;
¿onde há don com'o da vista
entre cantos Deus nos dou?

Mais ¿qué val ollar as cousas,
– cantas andan d'arredor –
se levados pol-o alleo
e quitando do de nós
damos tant'o ruin e d'oxe,
e tampouc'o de despois?...

¡Mal dixéralle coitado
a quen garda o millor don,
e, cegando pr'o de fora,
sempre a ollare no interior,
que, co espritu, no invisibel
a enmortal postrer visión!

Ventura dos cegos,
ceguiños do corpo,
se teñen da i-alma
ben craros, os ollos!...

MARQUÉS de FIGUEROA

A úneca pubricación
de novelas galegas que ve a luz na nosa terra é

L A R

onde colaboran os millores escritores
Se vostede é amante das boas lêturas e quer conocer
o que hai de mellor na novela escrita na nosa fala

Suscribase a LAR 1'60 os 6 números
Real, 36 1.º — A CRUÑA

Un vilancico galego no ano 1818

(NOTA LIDA NO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS)

Son dono de un pequeno ms. de 12 follas en 4.º sin follar, de boa e crara letra dos primeiros anos do século XIX que di:

† *Letras de los Villancicos, | que se han de Cantar | en los Solemnes Maytines | del Sagrado Nacimiento | de Nuestro Redentor | Jesu-christo | en la Santa Iglesia Catedral | de | Mondoñedo. | Puestas en Música pr. don José | Basanta y Pacheco | Racionero Mro. de Capilla | en la nominada Sta. Iglesia. | Año de | 1818.* |

Como seu tíduo indica, o folleto contén sômentes a letra de oito vilancicos, sete dos que andan redactados en castelán por un modesto poeta anónimo e con siguranza local. Mais o octavo é galego e di de esta maneira:

VILLANCICO ULTIMO

TONADA GALLEGA

Vamos a Belén, amigos,
Vamos qe. a noite está crara;
Mingos leve as Castañolas,
ô seu pandeiro Pascuala.

Tods. Vamos a Belén, amigos &

Cantemos ô Rey dos Ceos
novas e alegres Tonadas
a o son da gaita gallega
con Muiñeiras e Alboradas.

Vamos a Belén &

¡Ay que Neno tan bonito!...
¡Que cariña tan galana!...
Nunca Neno tan hermoso
viron as nosas montañas.

Vamos a Belén &

A Nay que pareu tal Fillo,
por sempre sexa alabada:
¡Que cousiña tan garrida!
¡Ave María de gracia!

Vamos a Belén &

Miña xoya!... deitadiño
nun pesebre sobre pallas
está pobriño, e desnudo!
un boy ¡meu amor! o abafa.

Vamos a Belén &

Mais el chora... miña prenda!
Cala, queridiño, cala;
as tuas lágrimas parecen
as perlas que verte a alba.

Vamos a Belén &

Eu dareille pra cubrirse
a pel da cordeira branca:
¿Quen veste o campo de frores
desnudo sofre as escarchas?

Vamos a Belén &.

¡Ay Dios! o Neniño chora
e o coro de Angeles canta...
Non entendo estes misterios,
nin podo falar palabra.

Vamos a Belén &

Por fin veña unha copiña
que a noite está de geada,
escorrentemos o frío;
en honra do Neno vaya.

Vamos a Belén, amigos,
vamos que a noite está crara;
Mingos leve as castañolas
ô seu pandeiro Pascuala

Finis

Asegún pode ollarse a obra é de sinxeleza infantil e redactada en abominabel galego; mais como de ista data son tan contadas as manifestazóns literarias no idioma das cántigas non debe botarse en menosprecio a ningunha.

É intresante a ortografía da presente, nin un apóstrofo sô, nin un sô guión de enlace. O autor non-os percisou. Do mesmo xeito debe repararse como o soído de *x* escríbese con x. Non embargante as verbas *geada* e *Angeles* aparecen con g.

ARMANDO COTARELO.

EU SON DA TERRA CELTA...

Eu son d'a terra celta d'as néboas e d'os fumes,
d'os días de Sol, mornos, d'as noites de luar...:
a d'as frolidas veigas, a d'as inxentes cumes,
d'os regos bulizosos, d'o maino ou rouco mar.

Eu son d'a nobre e forte Galicia, a malfadada,
a d'as morriñas santas, a xenerosa fiel;
d'os xeórxicos nouturnios, de musa namorada,
baruda de costumes, fidalga de broquél.

Alí, d'a lus enxérganse acesos resprandores
d'a miudiña brétema pol-o cribado túl;-
orquestran os outeiros, seríns e reiseñores,
as noites son caladas, o ceu de dombo azúl...

Cecais, s'a fé vos guía, cal milagrosa estrela,
que no sidério espazo a un santo aloumiñóu,
irés de pelengrinos â nobre Compostela
a orar onde o Apóstole groriosa crita achóu.

Entón verés os montes cubertos de ramaxes,
as prácidas ribeiras qu'o mar bicando está,
xardíns esverdexantes, campías e paisaxes,
e populosas vilas qu'o mundo amira xa.

Contemprarés d'os castros as poétecas ruinas,
románecas igrexas, sagrarios d'a sua fé,
roseiras y-arboredas que croben as colinas,
e prateadas augas que cantan ô seu pé.

Oirés as brandas trovas que riman seus poetas,
as lendas e fazañas d'un pobo que loitou,
a hestoria d'os seus sábeos, seus nautas, seus ascetas,
e como, pol-a pátrea, a liberdade amóu.

Alí témprase a y-alma n'un padescer sin nome,
n'un matinar sin trégola, xa cansa de sofrir;
escravos d'o terruño, ê un heroi cada home,
e martre a compañeira qu'endolza seu vivir.

Alí, d'os seráns fuscos, ocasos misteriosos,
seréas alboradas de vago amañecer...;
nostálxicos os ceos, os vales saudosos,
mimoso seu lenguaxe. inxénuo seu querer.

Por iso somos tristes; por iso, anque alexados
d'o vello terrón nunca podémolo olvidar;
¡un máxico feitizo nos fonde, namorados,
e no seu colo amante queremos acochar!

¡Beni'aquel chan querido qu'unxéu os meus amores,
pr'a él eu teño un tempro d'amor no corazón;
consólame n'as cóitas, amingua os meus delores,
e pon n'as miñas cántigas marmullos d'orazón!

LISARDO R. BARREIRO

Do libro próisimo a salir: *Escumas e Brétemas.*

FAI hoxe un ano que LAR fixose cargo da impresión e adeministración de NÓS, e resucitou a meritísima revista creada no 1920 baixo a prestixiosa direición de Vicente Risco e Alfonso Castelao, suspendida en 1923 por diversas circunstancias.

N'este tempo servíronse con regularidade os doce números correspondentes, ficando d'este xeito confirmada a espranza manifestada entón de afincar unha revista de tanta importancia para a cultura e a espiritualidade da nosa Terra, da nosa Raza.

Coa axuda dos bôs galegos esta grande obra seguirá adiante levando o nome grorioso de Galicia aos grandes centros culturaes do mundo enteiro como representación da sua persoalidade. Tamén como unha afirmación da sua existencia enxebremente considerada.

Querendo contribuir tamén â lumiosa celebración do Día de Galicia, pubricamos hoxe este número extraordinario; e supricamos a cantos nos axudan, a todol-os que nos leen que continúen dispensándonos a sua atención e propagando esta revista entre as suas amistades.

Saúde e Terra

A ADEMINÍSTRACIÓN

O PASPALLÁS

D'AQUELA liña eu pechado na gayola o paspallás que collera meu pai pol-o San Xohan antre os centeos dos agros de Sober.

A gayola pendurábase todal-as mañans na porta do sobrado. A carón d'ela sentábase na soma do patín a miña aboa co argadelo, ca pateliña dos novelos e cas agullas da calseta. Rubia eu as escadas brincando en tornado da escola e topaba no patín, xuntos de cote, os falares decideiros, os contos i-os soños con que a miña aboa libertaba o seu espríto da prisón da vellés encadeirada e mais os voos foleiróns do paspallás a lembrar tempos ledos. Xuntara eu xa no meu maxín a velliña i-o paxaro. Cando bicaba á miña aboa pasaba a man garimosa pol-as canas verdes da gayola como se o paspallás fose o arume, a fala, o xeito da miña aboa i-o aloumiñalo a aloumiñase a ela.

O paspallás é, de seu, por novo que sexa, un paxaro vello. Ten a velliçe das follas do outono, dos ermos de carqueixas murchas. É como as balocas, as noces i-as mazáns reinetas que non teñen a mocedade do millo, do caíño, do espadeiro, nen a ledicia de neno das cereixas e dos amorotes.

O malvis ten a vos chea e asubia asisadamentes como un ome andado. O carrizo ten unha cántiga bulideira como o falar das mozas que fan beilada nos soutelos. O sirín ri ca gargallada rebuldeira dos picariños. O paspallás ten o besbellar das vellas que gardan na cara entallada de buxo, o sorriso adonairento e argalleiro dos rodicios. Emporiso cando a miña aboa falaba con aquel seu falar de retesía o paspallás revoaba na gayola magoando a testa nas canas e cando a miña aboa acaroaba a testa pra durmir no cabezal da cadeira, durmía no chan da gayola o meu paspallás, Don Rosende como era alcumado por nós.

Todal-as mañáns cando o abrente do día escrarexaba o sobrado pol-as fendas das fiestras e das portas, Don Rosende espertaba a casa co batelar da sua gorxa de madeira. Coidaba cicais nos melros, nos carrizos e nas cotovías que cantaban nas ponlas do noso pomariño. Arelaba tornare a voar pol-os centeos dos agros alongados de Sober. Tamén a miña aboa falaba a cotío no espertare das xeiras dos seus anos mozos.

Nun día de outono a miña aboa se non sentou no patín. No recanto do sobrado ficaron esquecidos co argadelo os novelos i-a calceta. Tamén quedou alí por ves pirmeira a gayola do paspallás sen se pendurare na porta.

A morte faguialle as voltas á miña aboa. Chegada a noite fixerome deitar. Non durmín. Eu coidaba que na morte a vida fuxía do corpo co sangue. Ca testa agachada baixo as sabáns caminei pol-as horas de aquela noite medoñenta. Agardaba que a i-alma da miña aboa alomase ô pasal-as trebas como un foguete roxo. Non morrera ainda a miña aboa no abrente cando o paspallás escomenzou a sua cantiga cotián. Sentía que n'aquel intre morría a miña aboa. O paspallás seguía espertando o silenzo co renxer de campana choca da sua cántiga, tesa como unha risada de vella argalleira e bulrista. No sobrado troupelexaron os pasos do meu pai. Calou o paspallás pra sempre. O meu pai entrou no meu cabán pra levarme a ver a miña aboiña morta. Tiña nas mans unhas pingotas de sangue.

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

Pontevedra - Mes do San Xohan - Ano Santo de 1926.

O AMOR

O amor é a madeixa
Que se colle pra enmarañarse
E logo se deixa
Pra non cansarse;
E si se quer voltar a coller...
Ah! ¿Onde estará o novelo
D'aquel vello querer?...

G. DÍAZ HERRERA

NOITE DE TRUNFO



Na homilde sala de xantar de paredes caleadas, ante o guarda louza onde se reserva a baixela dos días de festa e mais un servicio de café, ambos regalo de boda, Herminia cose un vestidiño que somella de boneca, tan pequeniño é; un pouco arredada a mesa para recibir mellor a luz da lampada con *abat-jour* de vidro dependurada do teito.

Ao mais levián bruído que sinte ergue a cabeza e escoita. Somella algo desacougada. A campá do Concello xa tocou unha hora da mañá.

Pasan quince minutos mais e óese abrir a porta da rúa; despois rubir as escaleiras á modiño para non facer barullo. Herminia érguese e vai abrir a porta, arelante.

Ernesto, resprandecente de ledicia, como aureolado pol-a satisfaición do trunfo, entra sorrindo, os ollos coruscantes.

Herminia. – ¿Qué?

Ernesto. – *(Selándolle a boca c'un bico)* Ben; moi ben.

Her. – ¿Gustou? ¿Apraudiron moito? ¿Chamáronte?

Ern. – Gustou, apraudiron; chamaronme ¡Cánto sinto que non estiveras alí!

Her. – Agradaríame ire; mais non podía deixar os nenos. Xeliña despertou. Figúrate se vira qu'eu non iba á pé d'ela ¡pobriña!

Ern. – É certo; mais, estas satisfaicións tan grandes e tan íntimas parécenme incompretas cando non podes ti gozalas ¿non ves que sobre todo son adicadas á ti, son un froito mais do noso amor...?

Her. – Outro día a verei. Hoxe confórmome coa satisfaición de sabere que gustou e que che apraudiron o teu traballo.

Ern. – As primeiras escenas pasaron en silenzo. Un silenzo ausoluto. Sentín frío; parecíame o silenzo da morte. Desacougado daquela escoitei aos actores. ¡Oh! S'eu poidera comunicarlles toda a emoción que me abalaba! Cómo se algún ser invisibele me falara no ouvido, escoitei unhas verbas alentadoras: «O púbrico escoita calado porque a obra interésalle» ¿Sería certo? ¿Sinificaba interés, atención, aquel silenzo medoñento? De súpeto estalou un aprauso, ao finar unha escena. O meu peito arfou; alentei ¡O púbrico non sabe ben canto se agradecen e como se desexan estes primeiros aprausos no día do estreno! Despois a cousa foi mellor xa; algunhas risadas subrayaron as falas do actor cómico, e novos aprausos resoaron nun mutis. Ao romatal-o acto foi expontáneo e sinceiro o baticar de mans, e algunhas chamadas ao autor fixéronme sair para agradecere aquela simpatía con que foi acollida a obra. Os outros actos gustaron ainda mais. Moitos amigos acudiron ao taboado para me felicitar, entre eles tamén alguns señores cós que non falara na miña vida.

Her. – Arturo non faltaría?

Ern. – ¿Arturo? Engánaste. Foi precisamente un dos que nada me dixo. Mais me non molestou a sua ausencia do coreto de louvanzas. Ben sei que nestes casos non todos son sinceiros e de cote abonda o esaxero, ainda n-aqueles que ao dal-a volta son os primeiros en desprestixiar a un. Arturo non apareceu á pé de min e non certamente porque a envexa lle roera no peito. Mais Arturo é tamén escritor, conocedor do xénero atoparíalle á obra defeitos que outros non atinaron á ver. Ademais, sería un trunfo enorme se agradara en ausoluto á todos; eso ainda o non acadan os mestres para canto mais un principiante.

Her. – O comprendo; pero eu quixera que o teu trunfa fose o mais sonado.

Ern. – ¿Coidas que eu o non desexo?

Her. – Despois, mais e mais obras, e

moitas representaciós de todas para poder nos vere libres de apreturas, de agobios.

Ern. – Non soñes, Herminia; ti vaste xa fora da realidade. Eso é mais difícile, imposíbele coase.

Her. – ¿Imposíbele? ¿Pois non cobras dereitos?

Ern. – Non cobro. Para lograr ver representada a miña obra tiven que renunciare aos dereitos. Ademais outras diversas circunstancias impiden dar mais representaciós.

Her. – ¿Daquela tanto estudar, tanto traballar para nada?

Ern. – Baixo o teu punto de vista, é certo, para nada.

Her. – Non te disgustes pol-o que che digo. Mais ben sabes que hoxe o diñeiro é todo, Xa ves: o médico di que lle demos á Xeliña moitas xemas d'ovos e moito leite; ti mesmo precisas te facer un traxe, que ese xa coase o non podo recosere mais... Tamén é comenente que os nenos vaian moito â rua, e decote están metidos na casa por non podermos pagar unha criada .. ¡Necesitamos tanto, tanto, aumentar algo os ingresos!

Ern. – Si, tes razón, tes moita razón; todo o meu traballo, todol-os meus degoros para facer unha obra, esa obra que hoxe estrenouse e mereceu os aprausos do púbrico, non é nada, non serviu de nada ¡toda a miña groria de hai un istante derrúbase agora, na intimidade da miña casa, ante o fracaso, o enorme fracaso, do meu ideal que non sabe procurarse diñeiro!

Her. – Perdóame, Ernesto. Viñas ledo e son eu a que che causo un desacougo, unha dôr, neste día para ti tan ditoso; perdóame.

Ern. – *(Bicándoa)* Non és ti non: é a realidade, é a vida... Anda, imonos deitar que xa é moi tarde; mañán teño que ire â oficina.

LEANDRO CARRÉ

A CASTAÑEIRA DE SANT-IAGO

(DE UN LIBRIÑO QUE ANDA LABRANDO F. FERNANDEZ ARMESTO)

De mañanciña, moi cedo, cando o lubricou silandeiro vai tanxendo mainamente as somas car'ás encrucilladas, i-os alxibes das campas repretos de noite sacúdense en afiados estremecimentos, a castañeira abre a porta da sua chociña, e mentras ela sai unha veta de craridade matinal métese zaramalleira a brincar ás catro esquinas co'as sarten i-os candís relucentes pendurados da espeteira.

Renquea a castañeira car'a o seu canto rua adiante, co tixolo vai peneirando a brétema adormecida, ainda baixô rendivi dos soportals.

Un fósfaro estoupa coma un beixo roxo na faciana campante d'un difunto, os torgos comenzan a arder, as castañas douradas bateanse na cachoeira da chama, e un berro fino, alongado coma un sancristán, ¡quentiñas! arrebola de susto a brétema.

Car'â esquina da castañeira, por todol-os vieiros que circundan o Mundo ven o rixelo branco da mañanciña brincando a comba co'as montanas.

Pol-a rua empeza a desfilar un cortexo de luces que van quedando penduradas, coma d'un-a antena, da muradana da castañeira, tremante cal pingadas d'orballo.

O tinglado da castañeira — caixos coxos, palanganas vellas, fardos sucios — somellan un patíbulo funambulesco erguido pra cazar, co reclamo da fogueira, os pichons candorosos i-alborozados das luces, e retorcerlle, logo os pescozos, con xesto landruesca.

A tarde comenza a marcharse, pol-os vieiros que trillou a mañan, pesadamente. A man renegrida, dura, esquematizada, da castañeira, fia de cruces o bostexo que repite, con alxebraica proieición, e villeu de enfrente.

A noite cega e fria entrou pol-a cibdade. Unha estrela, alá no ceo, i-o ollo roxo, sanguinoento da fogueira, faense guiños sospeitosos de conspiración, guiños revolucionarios.

Xea, todo se para atrecido. O fogon da castañeira quece amorosamente os pés espidos dos soportaes.

FESTA NO CEO E NA TERRA (1)

POEMA ENGEBRE

Ao irmán LOÍS TOBÍO

A GAITA

Pol-as estradas do ceo
que teñen lama d'estrelas,
ven a gentiña de somas,
de volta d'algunha festa.

Un aturujo ven valente
bica as meijelas da serra.
Cal perto de namorada
sospira a gaita galega.

A gaita, gaita, gaitiña
ten o punteiro de pérolas.
Tral-os piñeiros, a lua
tece saudosa muiñeira.

Diante vai da gente, dona Margarida,
probe tolleitiña que non pod'andar.
Vai entre ramallos ben adormecida,
ben adormedica porque fai luar

Unha vella, vella, tuda recollida,
fala mui baijiño, di qu'ha de curar.
Un mociño loiro chora às escondidas
pol-a tolleitiña que non pod'andar

Jan non ven de festa, vai atafegado
na compaña aquela, triste namorado...
¡Jan n'ista romaje fai de sancristán!

E pol-os camiños, mouros cal mantelos,
vai a Margarida... brílanlle os anelos,
cánd'ergue as manciñas pra berrar: meu Jan

UNHA CÁNTIGA

Aló, baijo as carballeiras
se afoga o rin-rin da gaita...
Com'unha pomba ferida
voa d'un peito ista cántiga:

Quixen amores e teño,
un noivo que me non quere
i-un noivo que non-o quero.

LUAR

Empolva a lua chea as pálidas meijelas
da probe rapariga malfadada;
i-adorna os seus cabelos con estrelas...
Nos ollos mil refrejos da terra aluarada.

Os mozos toleirós tecen cántigas,
cántigas de saudade e de tristura.
Pra dona Margarida as raparigas,
fijeron d'un ramallo a fermosura.

Ó longe, longe, berra a gente.
Baijo o craror da lua ferve o val.
O fato de festeiros ledamente
volta da romaría do Cristal.

E dona Margarida, probe dona,
olla pra Jan, é Jan home de ben.
Nas verbas homildiñas d'infanzona,
o Jan, o probe Jan, n'a entende ren.

No ceo brila a lua. Nos camiños
unha linda rapaza tolleitiña.
Leva nas mans anelos e brinquiños.
No bico a verba doce da naiciña.

O MIRAGRE

Unha noite de Nadal, noite saudosa,
un meniño nasceu, fermoso, loiro...
Cando nasceu, morreu a rosa,
unha rosa nascida d'un luceiriño d'oiro.

A gente do lugar di dend'a aquela
que dona Margarida, malfadada,
morreu com'unha rosa n'unha estrela,
bicando o neno loiro na terra aluarada.

AUGUSTO M.ª CASAS.

(1) Este poema foi lido no Seminario d'Estudos Galegos na noite do 27 de Febreiro do 1926.

ARQUEOLOXÍA GALEGA

SANTA MARÍA DE CAMBRE

Moitos son, pol-a sua importanza, os moimentos de que pudéramos falar, prescindindo das nosas catedraes, que teñen historia ben conocida e foron xa ben clasificadas e definidas por cantos d'elas se ocuparon; mais entre as moitas eirexas que espalladas pol-a nosa terra, consérvanse como lembranza de tempos fuxidos, ningunha ten pra min, de momento, a importanza artística, arqueolóxica e lexendaria que a de Santa María de Cambre.

Non é que precise como moitas o descubrila, que de abondo ocupáronse de ela as xentes sabidoras, nin que a sua historia teña pra nós tal importancia que haxa necesidade de investigala y-escribila, non; é o seu propio mérito, o seu valore, a sua significación, que permiten clasificala como un dos moimentos mais interesantes da nosa arquitectura, e dos que mais poden definire as características do noso arte románico; sin que as verbas y-os xuicios dos que de ela se ocuparon, aforren o estudiala, porque non todos acertaron a entendela e poucos atinaron a ben describila. Por iso eu quero facer o meu traballo encol da eirexa de Cambre, sin que pretenda mais que contribuir ao mellor conocemento da nosa arquitectura galega, tratando de fixar, dentro de ela, a significación e a importancia de un dos seus mais interesantes moimentos.

SITUAZÓN

Érguese a eirexa de Santa María de Cambre nas Mariñas dos Frades, no antiguo Arcediañato de Nendos, entre vales ridentes e fermosos paisaxes, preto do castro do mismo nome, n'unha terra chea de lembranzas e de moimentos de outros tempos, espallados por entre os pequenos outeiros y-as revoltas, cheos de verdor e cubertos de carballos, de piñeirales e casliñeiros, que fan de esta parte das Mariñas, unha das mais fermosas da nosa terra.

Coróanna os outos castros de Alvedro, de Meixigo, de Sigrás, de Sésamo, de Pravio, de Guísamo e de Iñás; consérvanse n'ela as eirexas románicas do Burgo, de Sigrás, de Sésamo, de Celas, de Culleredo e Vilaboa, y-os restos, románicos tamén, da célebre Baillía do Burgo de Faro, dos freires do Temple, que co seu poder tentaron a arrincal-a importanza da vila da Cruña; inda non caíron algús dos castelos feudales que á asoballaban e que erguía-n se n'ela, como a torre de Val de Veiga, coroada inda pol-o peituril y-as almeas: abundan os pazos vedraños, como os de Anceis, de Guísamo e de Cecebre, y-atravesan as augas do Mero, que rega as suas orlas, a ponte vella de Cela y-a longa do Burgo

A importanza, pois, que esta terra tivo n'outros tempos, foi moitísima, e a que oxe ten pra cantos aman o pasado, y-adícanse a estudial-os restos que d'eles se conservan, ben amostran a existenza de tantos moimentos, algús de gran interés pra nosa historia, como os que ás lixeiras indiquei tan soo pra que se vexa canto pode significare a eirexa monástica de Cambre, ergueita no medio de estas terras tan interesantes.

FACHADA PRINCIPAL

Encol da etimoloxía da verba *Cambre*, que algús outros lugares de Galicia levan, algo falaron certos autores, habendo quen discurre (1) «que, por chamarlle os documentos medioevaes de este mosteiro, Santa María de *Calambre* ou *Calambrio*, tal vez veña de *Lambriga* ou *Lambrica*, a cibdade que Pomponio Mela sitúa, según certo autor, n'esta terra; e Cortés reduce a Cambre o *Cambrín* do Anónimo de Rávena.

A visita a este vello mosteiro é fácil e cómoda, pois non distando a vila de Cambre, a redor de uns doce kilómetros da Cruña, e tendo vía férrea, e boas carreteiras que por ela pasan, así como casas onde ben xantar, é un dos paseos mais fermosos e grados que poden facerse, sendo un dos puntos obligados de turismo pra cantos recadan na Cruña.

BIBLIOGRAFÍA

Santa María de Cambre é un dos moimentos mais conocidos pol-a sua importanza e pol-o moito que de él ocupáronse os autores, inda que algús, si reconoceron e divulgaron o seu grande mérito, non acertaron sempre nin n'os xuicios que de él fixeron nin na época precisa a que o atribuiron. Quizais por esto mereza, mais que moitos, o concretare ben canto a él se refira.

O P. Yepes na sua «Coronica» (2) feita ás veces sin conocel-os moimentos, nin os archivos, e guiado moitas por aquela copia dos documentos y-aqueles datos que os monxes lle remitían, ofrécenos os primeiros datos históricos de este mosteiro, e fainos unha lixeira descrizón da eirexa, da que nos di que está trazada como a de Santiago, e que detrás da capela mayor hay «seis ou sete capelas moy ben feitas» o que proba que ou non tomou ben as notas ou que llas mandaron trabucadas.

Ambrosio de Morales tan soo cita a eirexa de Cambre como Prioral de Benitos suxeto a San Martín Pinario, e falando da suposta *hidria* que conserva, él mismo nos di que os datos que publica van según llos mandaron, que él non foi por alá. (3)

(1) D. Celso García de la Riega, páx. 471 da sua *Galicia Antigua*.
(2) Tomo V, fol. 62-3.
(3) *Viaje por orden del Rey Felipe II a los Reinos de León y de Galicia y principado de Asturias en 1572* páx. 117.

O P. Carbajo, que historiou o famoso mosteiro cistercense de Santa María de Sobrado, tamén por incidencia ofrécenos algús datos pra historia d'o de Cambre, d'os que logo falaremosr

A primeira descrizón que de él se fixo foi na «Ilustración Gallega y Asturiana» por Segade Campoamor, en 1881, (1) aproveitando os datos históricos do P. Yepes, e recollendo e publicando, coa interpretazón de López Ferreiro, algunhas d'as inscrizós que conserva, non todas ben copiadas; é a parte mais interesante de este traballo.

D. Bernardo Barreiro, en 1884, fixo, por nota a unha pequena monografía encol da *hidria*, de D. Román Castro Arias (2) e por fotografía, a descrizón da fachada e outros elementos da eirexa de Cambre, non sendo estrano, pol-o tanto que nos fale d'as ventás *bizantinas* e de seus *triples* ábsides, xuntando duas inscripcións en unha, cousa que Segade, de onde as tomou, non-o fai.

O noso mestre Murguía non debeu conocer esta eirexa, pois limítase a citala como *bellísima* y-a dala como feita por Miguel Pérez no ano de 1194, según a xuntanza de inscrizós que fixo Barreiro. (3)

López Ferreiro publica algús datos históricos, e sin describila dinos, tamén por nota, que a eirexa «é unha das mais bellas da Diócesis» reproducindo nas suas, Lecciones de Arqueología Sagrada» algunhas partes da sua fermosa fachada. (4)

Fainos unha segunda e mais completa descrizón de este moimento o Catedrático do Instituto da Cruña, Sr. Vicuña, en 1895, quen minuciosamente nos fala de cantos elementos o forman, de algús con certa lixeireza, pois dinos que a fachada, que é unha das mais ricas da terra, é «parca, moy parca en ornamentazón» e fálanos do «gusto árabe» dos arquiños de ferradura que adornan o rosetón y-unha ventán, da «reminiscencia arábiga» dos arcos semicirculares peraltados que separan as naves, do decorado *estalactítico* de unha ventán da

(1) Número 19 correspondente ao 8 de Xullo. No número anterior publicárase un bon grabado, a plana enteira, da fachada.
(2) *Galicia Diplomática*, t. II, páx. 301.
(3) *Galicia y sus Monumentos*, páx. 300.
(4) *Historia de la Iglesia de Santiago*, t. II, páxs. 267 e 311-2, e páx. 274 del t. IV.— *Lecciones de Arqueología Sagrada*, páxs. 79, 82, 84 e 86.

fachada «a usanza musulmana» pra concluir decíndonos que o constructor de esta eirexa mostra moita afición «a o arte Musulmán». (1)

O ilustre arquitecto Lampérez, en 1903, fai a primeira crítica *técnica* da eirexa de Cambre, publicando o seu plano y-o seu alzado, e deducindo de eles a importanza arquitectónica do moimento, que describe e clasifica como da escola compostelán, meténdose a discurrire encol de quen poidera sere o Miguel Pérez, arquitecto que a fixo; mais estando o plano de Lampérez, cousa rara tratándose de un home tan entendido, mal trazado na xirola, e fundamentalmente distinto de como é o moimento, a rectificazón de él e de certos xuicios impóñen se, como logo veremos. (2).

O mismo autor, anos mais tarde, volve a definir y-a clasificar esta eirexa, dándolle a debida importanza, inda que ás veces erra en certos detalles que debeu tomar lixeiramente, pois nótase n'eles certo trabucamento cousa rarísima en tan ilustre arqueólogo y-arquitecto (1).

Villaamil e Castro, que tanto recorreu a nosa terra estudiando os nosos moimentos, e publicando tantos, non coñoceu o de Cambre, pois n'as suas «Iglesias Gallegas» limítase a reproducire o plano de Lampérez y-a interpretalo en poucas verbas, poñendo tan soo, como xuicio propio, que é a mais notable das eirexas ruraes de Galicia (2).



PRIMEIRAS CAPELAS DA XIROLA, DA DEREITA

Miss Georgiana Goddard King, a ilustre profesora de Historia do Arte, en Bryn Mawr (Pensilvania), que coñoce ben a nosa arqui-

(1) *Segunda excursión escolar. A Cambre*, traballo publicado no diario *La Voz de Galicia*, da Cruña, o 22 de Mayo do 1903 e reproducido pol-a *Revista Gallega*, da misma cidade no número 296, o 18 de Santos do 1906.

(2) *Santa María de Cambre*, traballo publicado no *Boletín de la Sociedad Española de Excursiones*, número de Xunio do 1905, e reproducido pol-a *Voz de Galicia* do 22 do mismo mes e ano.

(1) *Historia de la Arquitectura Cristiana española en la Edad Media*, páxs. 571-3, t. I.

(2) Páxinas XIX, 225, 227, 252 y 266.

lectura, porque aquí veu a estudiala, e leva publicado bastante das nosas eirexas, en unha das suas interesantísimas notas á edición que ela fixo en 1914 da «Gothic architecture in Spain» de Street, (1) describe con moita xusteza a de Cambre, e tanto n'esta nota como nas verbas en que, anos mais tarde, en 1920, volve por incidencia a falarnos de ela, señala certa extraña influencia francesa que lle atopa (2).

Con motivo da restaurazón, ben intencionada, que un dos derradeiros párrocos de Cambre D. Xaquín Sánchez fixo con fortuna, na xirola, publiquei un traballo (3) fixando, de descripción de este moimento na «Geografía General del Reino de Galicia». (15)

O valore de esta bibliografía está no orde histórico, nos datos, inda que poucos, por únicos, que suministran o P. Yepes, o P. Carbajo e López Ferreiro; no descriptivo, tendo en conta a época en que cada autor escribiu nos traballos de Segade, Vicuña, Lampérez e Miss King; e no da crítica, o mais interesante e difícil, nos xuicios que formulou Lampérez, clasificando a eirexa como Compostelán, e Miss King, observándolle certa influenza francesa, opiniós que no fondo pode que coincidan; mais antes de estudiala, analizando os



INTERIOR DENDE O COEO (A NAVE DA DEREITA DA FOTOGRAFIA E TAMEN A DA EIREXA

maneira concisa, o seu valore dentro da nosa arquitectura medioeval, señalando os erros do plano de Lampérez y-afirmando con él, a influenza compostelán, que inda as propias correzós do plano confirman.

E, finalmente, o Sr. Carré, aténdose a os xuicios de Lampérez e reproducindo as inscrizós publicadas por Segade, fai tamén unha xuicios alleos, imos facel-a descripzón aténdonos á sua estructura arquitectónica y-a cada un dos elementos que a integran, fixando antes, hasta onde se poida, a sua antiguedade.

HISTORIA

Poucos mosteiros habrá na nosa terra tan carentes de documentos pra sua historia como o de Cambre. Revisando as numerosas e valiosísimas colezós diplomáticas publicadas, n'as que tantos e tan interesantes se deron a

(3) *Some account of Gothic architecture in Spain by G. E. Street*, t. I, páxs. 186-7.
(4) *The way of S. James*, t. III, pág. 408.
(5) *Monumentos antiguos de Galicia: Santa María de Cambre*, na *Voz de Galicia*, no número do 16 de Outono do 1921.

(6) T. I, páxs. 717 a 719.

conocer, nin un tan siquera se atopa de este mosteiro. E no «Archivo Histórico Nacional» somentes gárdanse tres pergameos dos anos 1203 a 1413 e un legajo de papeles. Din, e teño por certo, que no «Archivo xêral de Galicia» consérvanse bastantes documentos referentes a cesiós, vendas, etcétera, e hasta teño noticia de unha copia de un tumbo que se garda non sei dónde; mais a forma en que o dito Archivo se conserva, non permite de momento investigalo como é debido pra o noso traballo, que por outra parte, non quere ser precisamente histórico, sinon descriptivo.

Temos, pois, pra fixal-o orixen de este mosteiro, que valernos de moitos datos xa conocidos.

O P. Yepes di que a primeira escritura do seu archivo era do ano 942 e que n'ela consta que dous irmans Gutierre y-Aloito, monxes, fixeron donazón y-entregaron o seu mosteiro de Sta. María de Cambre a Adulfo, Abade de San Pedro de Antealtares, e que n'ela se fai relazón do Abade Nuño (ou Munio) e de outro, antes de éste, chamado tamén Aloito, quen cos seus irmans doña Westriberga e doña Urraca, véndose sin fillos, edificaron unha eirexa no lugar de *Calambre*, adicada a o Salvadore y-a Sta. María, dándolle un coto moi cumplido con seus vasallos e xurisdizón civil e criminal, outro coto, o de Talamanca, xunto a Noya, e eirexas de presentazón. Fixa, pra que mellor se entenda, a existenza de dous abades chamados Aloito, un, o fundador, y-outro, o que incorporou o mosteiro de Cambre a o de Antealtares; decindo que a o primeiro dos ditos abades seguiu no cargo o seu sobriño D. Nuño (ou Munio) quen entregou mosteiro, facenda y-escrituras a os seus irmans Gutierre y-Aloito.

López Ferreiro, que debeu lér á vista documentos, dinos que o mosteiro de Cambre foi fundado, ou restaurado, a mediados do século IX pol-os irmans o Conde Alvito (ou Aloito), Visteberga, Urraca e Odrocia (que Yepes non cita), a os que supón irmans tamén do Conde D. Pedro, o que desbaratou a os normandos cando por segunda vez viñeron a Galiza, enumerando con mais detalles que o P. Yepes, os béns que lle doaron, entre eles as vilas de Cambre, Elviña, Leira, Coiro e Taramancos e as eirexas de Roo, Boa e Sigrás; di tamén que as escrituras depositounas Aloito, na eirexa de Oviedo, de onde, por necesitalas, recolléron



PORTA PRINCIPAL E TORRE

nas os monxes mais adiante, en troques de 500 sueldos de plata que lle ofreceron a Alfonso III pra que llas deixara traere.

Mais adiante dinos, como Yepes, que os irmans Gutierre e Alvito (ou Aloito), agregáronno a Antealtares por encargo do seu irmán o Abade D. Munio á hora da morte según certo extracto da escritura de que Yepes nos fala, que viu entre os documentos de San Martín Pinario na Biblioteca da Universidade Compostelán, decíndonos que entre as cousas que Gutierre y-Alvito entregaron a o Abade de Antealtares, Adulfo III, figuran as escrituras que «seu pai recollera de Alfonso III. E añade que tamén protexeron a este mosteiro, Hermenegildo e Iberia, os fillos do Conde Pedro, e tal vez sobriños dos fundadores, que loitaron



SEGUNDA CAPELA DA IZQUIERDA (DA XIROLA)

contra o mencionado Alfonso, n'unha d'aquelas revoltas da nobleza galega.

O P. Carbajo na sua manuscrita «Historia de Sta. María de Sobrado» feita pol-os moitísimos documentos que alí se gardaban, nos di que o mosteiro de Cambre foi fundado pol-os



PIARES DO CRUCEIRO E DA NAVE

ascendentes do Conde D. Hermenegildo (ou Menendo) e da sua muller a Infanta doña Paterna, fundadores do mosteiro de Cines, no ano 909, e do de Sobrado, no 952; e que o Conde D. Gutierre, sobriño do dito D. Menendo, que viviu pol-os derradeiros anos do século X, foi señor e dono do mosteiro de Cambre, sendo señora da «villa Calambre» por parfixas, a sua irmán doña Elvira Aloitez, muller de Rodrigo Menéndez, o irmán do Bispo Sisnando II; esta dona, no seu testamento, feito no ano 959; deixa entre outros bées, a dita vila de Cambre «cun adiunctionibus suis» a o mosteiro de Sobrado (1).

De maneira que, sendo o primer documento do ano 942, como di o P. Yepes e confirma López Ferreiro, e decíndose n'él que a fundazón fixéronna Aloito, Abade (tío do seu sucesore D. Munio) y-os seus irmáns, temos de supoñer que un de éstos era o pai de D. Munio, o que recolleu, morto o primeiro, aqueles documentos, de Alfonso III, anos 866-909, como di López Ferreiro, e que pol-o tanto pode poñerse a fundazón do mosteiro de Cambre, alá pol-os anos primeiros do século X, e non por mediados do IX, como supón dito escritore.

O que parece fora de duda é que D. Gutierre, o sobriño de D. Menendo, é o irmán do segundo Aloito que con él incorporaron a Antealtares o mosteiro de Cambre. Si se coñecesen os orixinaes dos documentos e non as interpretaciós de eles, podríamos saber a verdadeira relación familiar que entre si tiñan todos estes personaxes da nobleza galega.

Temos, pois, fundado este mosteiro, cando menos, nos comenzos do século X, no que tantos erguéronse en Galiza, (inda que de aqueles anos somentres se conserve enteira a eirexa de San Miguel de Celanova), e foi, pol-o que se dexerga, dos chamados de herdeiros, como casi todos os fundados pol-a nobleza n'aqueles tempos. É, pol-o tanto, Santa María de Cambre, unha das eirexas monásticas de fundazón mais antigua de Galiza.

Dende seu orixen hastra mediados do século XII nada se sabe de este mosteiro; mais desde o ano 1141 aparece vivindo n'él, retirada, doña Sancha González, irmán do Conde don Gomecio, e muller do célebre Conde de Galicia D. Fernando Pérez de Trava, a quen pra elo, e durante a sua vida, llo concedera o mosteiro de Antealtares, do que seguía dependendo o de Cambre, en troques da eirexa de San Esteban de Morás (que inda conserva o seu ábside románico) con todal-as suas pertenenzas, que tiña por concesión de Alfonso VII.

É posible que por estos tempos, e co a protección da importante casa de Trava, que non debeu de faltarlle, pois en 1199, doña Urraca



CAPELA ABSIDAL, A SEGUNDA DE CADA LADO

Fernández, filla do dito conde D. Fernando e da doña Sancha, deixa no seu testamento «marcan I ad opus ecclesie» (e os Trava deberon ser descendentes dos fundadores, si está no certo o P. Carbajo) adquirise a riqueza y-a importanza necesaria pra renovarse, a o del-

(1) Folio 68. O P. Carbajo era Prior clausiral e limosnero; escribía a sua *Historia* pol-o ano de 1772.

xar de ser de herdeiros, ou pra fundarse de novo, como o foron os de Sobrado e Caveiro, e pra erguer, por aquel entón, a notabilísima eirexa que inda hoxe se conserva.

Incorporado o mosteiro de Antealtares a San Martín Pinario, de Santiago, en 1487, con él quedou tamén suxeto a dita casa o de Cambre.

DESCRIPZÓN

Trazado – O seu trazado é de planta de cruz latina ou de brazos desiguaes, como as grandes eirexas de Cister galegas, Melón, Meira y-Osera, ben acusados inda que non moi longos; con tres naves divididas, a un andar, en catro compartimentos desiguaes. O presbiterio, que ten a o comenzo a forma de un rectángulo, é semicircular a o final, e ten, a o redor, unha coroa ou xirola (que das duas maneiras din os documentos galegos), de trazado pentagonal na base, como si procedese de un octógono regular abríndose n'ela cinco capelas absidaes, de arranques paralelos que logo cerran en semicírculo, semellando, por fora, os ábsides das nosas eirexas románicas pequenas, e sendo o do medio de mayores proporciós que os outros.

Estructura – A estructura arquitectónica de este moimento é distinta pra as naves e pra a xirola. Aquelas cúbrense, como en casi todal-as nosas eirexas monásticas, Xubia, Bergondo, Mosteiro de Ramirás, Pombeiro e Cines, de madeira a duas vertentes, inda que por dentro o teito da nave principal, por ben parecer, puxéronno chao; os brazos do cruceiro teñen tamén a misma cuberta de madeira que cobre as naves, a duas vertentes y-o centro, unha bóveda das chamadas baídas de ladrillo revestido, que pol-a forma, materiaes y-o cupulín que a coroa y-alumea, estános decindo que é de tempos mais recentes, con toda seguridade dos derradeiros anos do século XVII, inda que as proporciós dos piares que o forman, como observou Lampérez, por ter proporciós moito mayores, indiquen pol-a sua mayor fortaleza, que o cruceiro, calquera que fose a sua forma, tiña de sere ou abovedado ou mais ergueito que os brazos y-as naves, como é casi seguro.

Carga a cuberta das naves nos arcos formeros e transversaes que as dividen en compartimentos, e reciben este empuxe os piares compostos, de sección cadrada, con semisteos nos frentes, y-os muros da fachada e lateraes, n'outros semisteos que teñen adosados por dentro; grandes contrafortes rectangulares por fora dos muros, contrarrestan o empuxe lateral dos ditos arcos y-acusan a o exterior a estructura das naves de esta eirexa. Mais pol-o que poida importar diremos que toda a parte superior das naves, xa pol-o incendio dos ingleses en 1589 cando desembarcaron na Cruña, ou pol-o que fose, aparece modificada, habendo perdido os muros toda a cornisa y-algunhas ringleiras de silleria, estando algús dos arcos feitos de novo, como os primeiros da nave do Epístola, entre outros.

É, pois, a estructura das naves, como a das nosas eirexas de planta basilical: Moraime, Mezonzo, Penamayor, etc.

O presbiterio, separado da xirola por uns arcos modernos a os lados, – temerariamente abertos si alí houbera, cando os fixeron, a bóveda que o cubre – e por fortes esteos monocilíndricos, ergueitos no fondo do semicírculo, ten bóveda de cañón semicircular y-a o final, unha de carto de esfera ou cascarón con resaltos radiaes, que dudo moito que ambas sean de cantería, e de selo, xa de feito non teñen a antiguedade do edificio; a xirola ten *bóveda* simulada, pois é de barrotillo revestido, en segmentos trapeciaes de cañón semicircular divididos por arcos de cantería, uns, e outros seguramente de ladrillo revestido. Rodean esta xirola ou paso, a o comenzo, unhas escaleiras de caracol que levantan por entre os muros a o cume das naves, hoxe a o *desván*, dende os brazos do cruceiro; e as cinco capelas absidaes, cubertas con bóvedas de cañón semicircular, primeiro, e de cascarón, despois, sobre fortes nervios que apóyanse en esteos, e que a o exterior están contrarrestadas por uns estribos ou pequenos contrafortes de sección rectengulares.

Por fora, os muros, tanto das naves como da xirola, érguense sobre resaltos ou escalonado basamento, en parte fundido no chan, e por dentro rodéanos en forma de sentadeiro, inda que nas naves, como moitas das bases dos esteos, apareza soterrado e cuberto pol-o pavimento, como o estaba tamén, antes de descubrilo, nas capelas da xirola.

Fachada – A fachada, acusando a distribuzón en naves, ten, ou tiña, porque un lle falta, catro contrafortes sencillos, de sección rectangular, mais salentes os do centro, para mellor cobixal-a portada n'a mayor espesura do muro no vano central, y-unha torre cilíndrica apenas acusada por fora, y-aberta â dereita da portaque hoxe leva â espadana.

Os ditos contrafortes centraes, como querendo xa encadrar a portada principal e compoñer con ela, teñen no frente, y-hasta certa altura, fortes semiesteos adosados, de bases tóricas (unha lle falta) e de capiteles de grandes e vigorosas follas de acanto que volven en fermosas volutas de colariño funicular no da esquerda, que algo deberon conter enriba, que

CAPITELES DA ENTRADA DA SEGUNDA CAPELA DA DEREITA DA XIROLA

hoxe falta, porque o voo dos capiteles ben-o di y-o contraforte, que sube, o demostra; quizais un pórtico ou alpendre. O ábaco de estos capiteles volve pol-o contraforte e termina na portada.

Nos codelos, onde a porta comenza, unhos esquinales en forma de fustes, sin bases, teñen capiteles de follas mui recortadiñas e traballadas, como labor visigótica.

A portada é unha das mais fermosas das nosas eirexas medioevales. Ten arquivoltas semicirculares que limitan e decargan, un timpano esculpido admirablemente cô *Agnus Dei* ou Cordeiro pascual, con unha cruz procesional de palmas, dentro de un nimbo circular lobulado sostido por dous anxes voando, moi ben tratados y-entendidos, e c'un ropaxe solto, admirablemente feito; asunto que tamén vemos mais ou menos desenrolado nas portas románicas de Santiago da Cruña e Santiago do Burgo, Ferreira de Guntín, Sayar, timpano que foi de San Pedro de Afora (de Santiago), Mezquita, e porta de paso ao claustro da Catedral de Ourense.

É curiosa, como recurso constructivo intelixente, e pra o caso, interesante, a descarga que fai do timpano, con pequenas dovelas e coa separación completa do dintel, marcando n'éste a liña radial dos salmeres do arco, e sendo, o dito dintel, apuntado no centro, como moitos pentagonaes, que téndose por franceses de orixen, chegaron a ter en Galiza unha importanza grandísima y-a ser unha das características da nosa arquitectura románica (eirexas de Carboeiro, Cuiña, Corticela, capela das torres de Oeste e palacio episcopal de Xelmirez)

Sosteñen o dintel duas ménsulas con outros dous anxes, nimbados, ben esculpidos e proporcionados, o da dereita c'unha cartela vertical, y-o da izquerda c'un libro aberto, como as duas figuras das xambas da porta principal de Santiago da Cruña, que representan o vello y-o novo testamento.

A arquivolta mais interior está traballada con pequenas floreciñas cruciformes, como os esteos de Charires, según Miss King; e de dentro afora siguen un fino bocel y-un relieve como si fose un tallo ondulante, un caveto con floreciñas e logo, como cabalgando ou «facendo figuras» n'un bocel, unha serie de monstruos e bichos pequenos, uns cadrúpedos y-outros de forte pico, como os das bases do Pórtico da Gloria, algús de eles loitando, e no centro, entre dous leós deitados que a miran, hay nnha pequena figura de home con longas barbas y-un libro aberto no regazo: representación do Padre Eterno que preside moitas portadas; a presencia dos leós nos lembra, pol-o asunto, da fachada das Platerías da Catedral compostelán; a arquivolta final é de follas de pouco relieve, estilizadas, e de finísimo billetaxe.

Nos *codelos* ou curunchos das xambas

hay tres esteos por lado, dous de eles, os mais interiores, aparellados, con base e capitel común; todos teñen o fuste ben proporcionado, esbelto, exento e monolítico, sobre bases tóricas, con tendencia a os perfiles clásicos, con garras no plinto e pequenos dados, algús esculpidos con lixeiros relieves, e todo sobre un basamento común â portada. Os capiteles, voluminosos e ben traballados, inda que lambidos pol-o tempo, son todos interesantes; os dous de fora, de follas superpostas, un de eles, o da dereita, de tradición visigótica, como algús da portada principal de Moraime, o outro xa mais románico; d'os dobles, o da dereita ten a representación do Xuicio Final ben esculpida, bastante mellor tratada que na eirexa de Arcade: San Miguel coa balanza desnivelada y-o demo enfrente, e detrás de éste un monstruo que arrepía, e unhas follas carnosas, acaracoladas, de franco estilo compostelán; do capitel esquerdo, esculpido con monstruos, pol-o gastado e lamido non se adiviña o asunto; os ábacos de todol-os capiteles están ben traballados a gran relieve.

Por riba da portada ten unha cornisa ou tornachuivas adornada con pequenas flores, sobre seis modillós ou canciños, esculpidos con unha cabeza de boy, outra de monstruo, dos cas, unha folla de acanto, unha figura c'un libro no *regazo* y-outra tocando un violín; os intercanciños, cousa rara n'unha fachada tan rica, son lisos e non escupidos como están en Santiago da Cruña, Colexiata de Xunqueira de Ambía, eirexa de Feá e Catedral de Santiago.

Enriba ten un fermoso roselón, un dos poucos románicos que teñen as nosas eirexas, fora das catedraes, pois inda que moitas son as que os presentan, a mayoría, ou son de transición, como o de Bergondo, ou francamente oxivaes como os de Santa María do Campo da Cruña e San Francisco de Betanzos. O de Cambre, que é moito mayor que a xeneralidade dos románicos das nosas eirexas ruraes, que os de Mezonzo, Porzomillos e Tiobre, rodéanno uns relieves delicadísimos por fora, logo unhos arquiños de ferradura entre cavetos e sobre un forte bocel, como en Carboeiro, e no centro ten un óculo ou círculo, rodeado de oito, abertos ou calados nas pedras y entre finísimos relieves, algús dibuxando arquiños de ferradura, de pouca profundidade e de traballo delicadísimo, que semella moito pol-a maneira de estar feito, a os relieves do estilo plateresco.

N'os outros vanos da fachada ábrense unhas ventás bonitiñas, de arcos semicirculares peraltados que cerran un pouquiño nos arranques, dándolle certo aspecto de arcos de ferradura que, lixeiramente acusada, vemos ás veces no románico galego, cómo na porta principal de Sta. María Salomé, de Santiago, e na do sur de Santa María do Campo, da Cruña. As duas ventás teñen un esteo por lado nos codelos, de fustes esbeltos e ben proporcionados, exentos e monolíticos; as bases son tóricas con pouco dado, y-os capiteles, unhos son de follas estreitas, de pouco relieve, y-a cada lado, n'un de eles, un paxaro corpulento, y-outros de entrelazos revoltos, quizáis compostelans, e de loita de animaes monstruos. A arquivolta da ventá da isquerda, que arranca como a outra d'unha cornisa c'un caveto por moldura, ten cinco arquiños de ferradura e rosetas n'os ocos, y-a da dereita, outros cinco, pentalobulados, y-a o redor, fino e pequeno billetaxe.

Apoyos – Os piares d'as naves, fora d'os do cruceiro, son de planta cadrada, y-en cada frente teñen un semiesteo adosado pra recibire o empuxe vertical dos arcos; as bases, tan variadas como os capiteles, teñen, en xéral, perfil tórico donosiño, inda que n'outros varíe o perfil, non o donaire, e todas con garras reforzan o plinto; os dados non se ven por fundidos no chán. Os piares do cruceiro, mais fortes, como pra recibire un empuxe moito mayor, pra armonizare c'os brazos de aquel rompen na esquina o trazado reciangular, e destribuyen os semiesteos, según as direicións d'os arcos; y-os dados, mais ergueitos que os outros, teñen moitos de eles floreciñas esculpidas.

Os capiteles, en xéral fermosos e ben traballados son, pol-os motivos e pol-a maneira de estar tratados, francamente compostelans, pois algús son hastra iguales a moitos das naves altas da catedral de Santiago. Hainos de follas fortes e carnosas que volven en grandes volutas y-adornan os centros con rosarios de doas; de follas lanceoladas, sinxelas, resistentes, de gran relieve, de follas de canto formosas moy

traballadas, de grandes y-esféricas volutas, algús con cabezas monstruosas no centro, devorando a de unha persoa; outros teñen loitas de animaes monstruosos entre sí e con persoas; de follas sinxelas, superpostas como ballestas, en pequenas volutas de pouco voo e



1 Base do semiesteo do contraforte da fachada.
2 Id. d'un esteo da portada.
3, 4 e 5 Bases dos semiesteos das naves.

vigoroso trazado; de entrelazos con volutas y-un rostro de monstruo; de follas que volven en piña ou de acanto de pouca voluta; de follas fortes e bicudas; de grandes palmetas, lanceoladas e bicudas tamén, y-así pol-o estilo: tendo moitos de estos capiteles o collariño funicular. Os ábacos, que volven en cornisa pol-o piar y-arrodean o esteo da nave principal, teñen por molduras un canelo y-un listel, y-algún, círculos entrelazados a maneira de adorno.

Os semiesteos da nave principal teñen mayor altura y-os capiteles, cúbicos; mellor dito, non teñen capiteles, sinón que foron cortados c'uns dados, como os de ingreso a o presbiterio y-a os brazos do cruceiro, pra que d'eles poidesen arrancal-os arcos transversaes, que son moito mais modernos, rebaixando así tamén a altura de esta nave (que quizais buscase coa sua a do cruceiro) pra poñer a pano a nova cuberta de madeira de toda a eirexa, na reforma que debeu sufrir no século XVII, pois todas as románicas teñen mais altas os esteos da nave principal e coroadas por capiteles da época e do estilo, y-aquí, hasira as molduras do ábaco d'os capiteles cúbicos estános decindo a diferencia d'o estilo e da época.

A directriz dos arcos formeiros ou divisores das naves, é semicircular de moito peralte, o que confirma a gran altura que debeu ter a nave principal; os arcos das naves laterаes foron casi todos reconstruídos e rebaixados, notándose en algús a diferencia d'a dirección e d'altura nos arranques; mais por outros que se conservan, deberon ser todos tamén semicirculares e de gran peralte; e como por fora, c'os muros, na parte mais alta foron tamén modificados e rebaixados os contrafortes, algús d'os arcos de estas naves non tendo no punto do empuxe o contrarresto debido, cederon n'o medio, con certo peligro de fundimento. O perfil rectangular d'os arcos formeiros e d'os de comunicazón co cruceiro, que son os vellos, é doble; e penso que todos deberon ser así como é natural e propio do estilo.

O muro norte das naves ten calados os seus vanos por saeteiras, de arco abocinado a o interior, y-o do sur, cuberto en parte pol-a casa mosteiro que oxe fai de rectoral, ten, ademais das saeteiras, unha porta antiga no vano terceiro, de arquivolta semicircular adornada con billetaxe e boceles, oxe toda cuberta de cemento.

Os brazos do cruceiro, que foron d'as partes da eirexa que mais sufriron na desgraciada reconstruzón que botou a perder este moimento, teñen arcos novos, como dixen; mais conservan inda nos arranques bastante parte vella dos muros pra ter a seguridade do seu trazado e da sua antiguedade, pois ademais da entrada ás escaleiras de caracol de que falei, no muro oeste do brazo norte ábrese unha fermosa ventán románica que tanto por dentro como por fora ten arquivolta semicircular de boceles y-outras molduras, rodeadas de arquiños de ferradura, faltándolle os esteos un por lado, que tiña nos *codelos*; e no mismo sitio d'o outro brazo nótase por fora o comenzo de outra ventán pol-o estilo; mais non sabemos onde os brazos terminaban, pois

os muros dos testeiros son, dende os cimentos, modernos. O que teño por seguro é que deberon erguerse por riba das naves laterales, â altura da central; pois non se explica que estuveran, como oxe, a pano c'oa cuberta xéral de todas elas, e menos por encima dos arcos que oxe ten.

Xirola – Os arcos de ingreso â xirola son semicirculares, ergueitos sobre semiesteos de alto fuste, mais teño pra min que os ditos arcos foron erguidos de novo, como o triunfal do presbiterio, que pra adaptalo â reforma que n'él fixeron, rozaron os seus semiesteos, rebaixando a sua altura como na nave principal.

O trazado da xirola, como dixen, é poligonal na planta, pra poder emplazal-as capelas; mais as ventaniñas, que ten nos *ángulos* que o polígono forma, c'os seus arcos, fan de pechinas ou paso a outro polígono de mais lados, quedando así no cume ou cornisa que o coroa, dividido en lados alternativamente mayores e menores, inxeniosa disposición que levaba a facilitar a solución, tan dificultosa n'aqueles tempos, d'o abovedamento da xirola.

A cada lado d'as capelas, dando frente a o presbiterio e buscando os ángulos do polígono que na cornisa forma a xirola, ten un semiesteo adosado y-é curioso que as suas bases, pra que o fuste *non se retorcese* sobre sí dada a diferencia d'os dous trazados, siguen n'a planta o d'a cornisa. O seu emplazamento y-a sua fortaleza estanos decindo que foron ergueitos pra soster arcos; e inda algunhos, non todos, os sosteñen de canteria.

A dificultade pra sabel-a solución do abovedamento está en que estos semiesteos y-os piares monocilíndricos do presbiterio non se corresponden, pra poder supoñer que os arcos foran de unhos aos outros, dividindo a xirola como oxe está; e inda é mayor esta dificultade porque os ditos piares non están *radialmente* ergueitos.

Que a xirola foi construída pra bóveda o di a gran fortaleza do muro onde ábrense as capelas (a pesar do contrarresto que xa representan éstas) (pois chega a medir 1'70 m. nos ángulos, y-a resistencia dos fortes piares do presbiterio. Mais a desgraciada reconstruzón que, non sabemos por qué razós nin por qué necesidade, sufriu esta eirexa, n'a que tamén perdeuse toda a parte superior do muro de cerre da xirola co a sua cornisa e canciños, e n'a que modificaron o presbiterio, facéndolle arcos âs beiras, destruindo o triunfal, botándolle bóvedas (xa sean de canteria ou xa de ladrillo revestido, como o cruceiro) e cerrando os espazos de entre os piares (oxe descubertos pol-a acertada restauración que alí fixo n'estes derradeiros anos o Abade D. Xaquín Sánchez, xa citado, merecente por elo dos nosos aplausos), botando a perder o mérito principal de esta notabilísima eirexa, non nos deixan de momento cavilar, cómo sería a solución d'as bóvedas n'esta xirola.

As capelas absidaes teñen arcos de ingreso apuntados, con fortes boceles desfacendo as aristas, arrancando de semi-esteos adosados, de fuste recio e ben proporcionado; fortes nervios que se xuntan en florós, moldurados con un gran bocel e dous cavetos con listeles, sostidos por casi esteos enteiros, de fustes donosiños, adosados no muro e ergueitos sobre ancho e corrido basamento, en forma de pentadoiro, axudan a soster as suas bóvedas non habendo, entre os ditos nervios, o contrarresto directo que debera (dado o número de eles si estuveran ben distribuídos), e que solo presentan os que marcan o comenzo do semicírculo e pol-o tanto da bóveda de cascarón que os cubre; sendo curioso que, como xa dixen, o tramo central das capelas, salvo n'a primeira da esquerda, é mayor que os outros.

As bases dos esteos da xirola e das capelas teñen diferentes perfiles, casi sempre dentro do tórico ou clásico, y-algunha de elas, as molduras adornadas con perlas, floreciñas e outros relieves, e garras reforzando o plinto. Os capiteles son variadísimos e de distinta man na execución: hainos de follas bicudas e doas no frente, de palmetas sinxelas, follas acaracoladas, francamente compostelans, etcétera, algúns de eles admirablemente traballados, tendo moitos o colariño funicular, e reservando un dos tipos mais fermosos pra repetilo en todos os da capela central, como si con ela quixera facerse unha distinción; os ábacos dos ábsides teñen diferentes perfiles, inda que a mayoría son, como os das cornisas que por eles corren, de un listel y-un caneto; os dos capiteles da xirola, que corren por ela como cornisa, están adornados con losanxes.

As bases dos piares monocilíndricos do presbiterio teñen molduras y-os capiteles, de pouca altura e pouco voo, relieves follas sencillas y-outras acaracoladas por adorno.

As ventanas abertas nos codelos da xirola son, como as das capelas, semicirculares,



1 N'un fuste do primer piar da dereita, entrando. (Inédita)
2 No salmer do derradeiro arco formeiro da dereita.
3 N'o fuste da coluna da dereita do ingreso á capela central da xirola. (Inédita)
4 N'un piar monocilíndrico da xirola; como tiña a mitade tapada con muro pode darse como inédita, incluso pol-a lectura e interpretación.
5 N'un piar da xirola (inédita).
6 N'un capitel gardado xunto a *Iidria*.
7 No borde da pedra que sirve de dintel a unha ventá moderna no muro Sur das naves.
8 No salmer do arco que dá a o brazo Sur do cruceiro na nave da dreita (inédita).

rodeándoos unhos estreitos boceles y-outras molduras que encerran e cobixan unhas saeteiras; solo que as dos ábsides tamén están por fora adornadas do mismo xeito que por dentro, algunhas con billetaxe; e pra seguir distinguindo a capela central, as molduras das suas ventás tanto por dentro como por fora, teñen doble o bocel.

Sostén por fora a vella cornisa das capelas, que é donde únicamente se conserva, unhos canciños, lisos, a bisel, etcétera.

IMRORTANZA E CLASIFICAZÓN

En conxunto a eirexa de Cambre é un dos mais interesantes moimentos románicos da nosa terra, con certos elementos de transición; mais antes de clasificalo, temos necesidá de señalal-os erros do plano de Lampérez xa que n'el se basa o seu xuicio crítico, único en realidade hastra de agora razonadamente formulado, pois as verbas con que Miss King señala, unha influenza bizantina e francesa sobre unha raza extranxeira, mais se refiren á portada principal que a o edificio en conxunto, e son, mais que un xuicio razonado, unha impresión persoal de tan ilustre profesora que, por d'ela, ten pra nós toda a importanza da sua autoridade.

I-é necesario fixar esos erros, porque inda que a rectificazón de eles confirme a sua clasificazón do moimento, sírvelle en parte pra fundamentar que a eirexa de Cambre non é anterior a o sécuto XIII. Os ditos erros son: poñer de planta de ferradura as capelas absidaes, cando como dixemos, teñen os arranques paralelos (aproveitando o grosor do muro), e terminan en semicírculo; o dar a todas iguales, cando a do centro ten mayores proporcións: estas duas cousas son tan importantas n'esta xirola que o que non aparecía pra nada no seu plano alópase agora, y-é o seu trazado compostelán; é decir tirante a o da xirola da catedral de Santiago; o darlle a os tramos do semicírculo das capelas o mismo tamaño, cando o central é mayor; o poñer como abertas as duas ventás inmediatas ao ingreso nas capelas que, pra mellor parecer, son simuladas por dentro, pois alí corresponde o grosor do muro que corre a xirola; e simuladas tamén, e non abertas, gardando a mellor armonía, son as duas de cada capela inmediatas a os muros dos brazos do cruceiro (ao que están unidas e non aisladas como pon Lampérez, porque alí corresponden as torres ocultas y-embebidas nos muros, que levaban non sei a donde, despois da reforma que ésta

eirexa sufriu especialmente nos altos, torres que Lampérez non viu e que pol-o tanto non puxo no plano, e que pra min teñen certa importanza por si levaban a o cruceiro, desaparecido, ou a o camiño de ronda si a eirexa foi, como moitas, afortalexada, pois outra torre tamén cilíndrica ten na fachada que tampouco figura no plano publicado; o non acusar a ventá románica do brazo norte do cruceiro, detalle de moito interés pra o valor do trazado da eirexa; nin as saeteiras dos alzados laterales das naves, dándolle unha amplitude que non teñen a os espacios entre os ábsides; e alguns outros pequenos erros mais, non tan esenciaes como aqueles que afectan a o trazado da xirola y-as consecuencias que d'el poden deducirse pra a sua época, estilo y-escola.

E tamén é necesario ter en conta que Lampérez supón a xirola cuberta con segmentos de bóveda de cañón, as capelas con bóveda de crucería e non *de forno*, y-o semicírculo do presbiterio con bóveda por poligonal cando é de cascarón, así como certo trabucamento d'os datos por él recollidos e publicados, pois no mismo traballo feito â vista do plano dinos que as capelas son semicirculares, e como poligonaes as da na sua «Historia de la Arquitectura cristiana española en la Edada media».

Pois ben, si inda así o Sr. Lampérez, cos seus fondos conocementos, basándose no número e distribuzón das capelas e nos piares monocilíndricos, atópalle â eirexa de Cambre influenza compostelán, con mais razón se pode afirmar agora, que sabemos que as capelas absidaes teñen a misma planta y-a misma bóveda, (inda que reforzadas por nervios), que as de Catedral de Santiago e, como n'ela, a central de mayores proporciós inda que non exactamente do mesmo trazado; datos que veñen a demostrar c'os capiteles y-hastra c'os bichos da arquivolta do portada principal, que esta eirexa é un d'os exemprares mais definidos da escola compostelán e pol-o tanto, d'o románico galego; sin que algús detalles que poideran tomarse como franceses, por exemplo, a separación y-a forma do dintel da dita portada, lle poida quital-o seu carácter galego, porque ese detalle é precisamente un d'os que asimilou a nosa arquitectura románica, como pol-os exemplos que puxen pode deducirse.

Pero é necesario convir en que ou a eirexa se comenzou pol-a fachada, ou a xirola é posterior âs naves, pois os arcos apuntados do ingreso nas capelas y-os baquetós das aristas, así como os nervios que decoran, mais que reforzan, as bóvedas con que elas se cubren, non son precisamente dos mismos anos en que se erguía a sua fachada y-a suas naves, tan netamente románicas como poucas habrá n'a nosa terra.

Pra min, dende que a eirexa comenzou a se edificare, pol-as naves, alá na segunda mitade do século XII, hasta que se concluiu n'os primeiros do XIII, pasaron os anos precisos, non moitos, pra que a xirola fose de transición e n'ela traballasen, influenciados tamén pol-a escola compostelán, ademais dos artistas que a comenzaron, outros novos, como parecen confirmalo a diferencia d'os procedimentos constructivos y-hasta a misma execución de algús dos seus capiteles, distintos d'os das naves y-en xuntanza con outros como os d'elas.

Unha inscripzón que se conserva n'un arco formeiro, di que o arquitecto da eirexa foi Miguel Pérez (Micahel Petri me fecit); outra que ten un capitel que debeu estar nos brazos do cruceiro, con a abreviatura «PE» de *Petrus*, da o ano en que, cando menos, as naves da eirexa deberon terminarse (era 1232, ou sea ano 1194); n'un piar do presbiterio hay o final d'unha inscripzón que parece referirse a doña Urraca Fernández, a filla do Conde D. Fernando Pérez de Traba, pol-o menos ten a derradeira letra do nome e todo o apellido, y-esta dona como dixen, fixo en 1159 unha donación «pra obra da eirexa», o que proba que entón se facía; n'un fuste da nave da Epístola hay un nome, *Ario*, quizais outro donante como doña Urraca; n'outro piar monocilíndrico do presbiterio volve a figurar o nome de *Petrus* n-unha inscripción hastra de agora mal leída; e no frente de un esteo da dereita do ingreso á capela central da xirola, lése clararamente *Rudericus*, tendo tamén a abreviatura de este nome «R» outro fuste da misma capela.

O estudio detido de todas estas inscripzós levaría mais tempo do que temos pra facer este traballo, pero é posible que na obra intervisen tres mestres, *Michael Petri*, *Petrus* e *Rudericus*, o primeiro pra as naves, o segundo pra o cruceiro y-o presbiterio, y-o derradeiro pra as capelas de xirola. O que está fora de duda

é que esta eirexa comenzouse n'a segunda mitade do século XII, e que inda que a xirola non se concluíse hasta os anos primeiros do XIII, as naves y-o cruceiro pertenecen por completo á duodécima centuria.

Non estou conforme, pol-o tanto, en que esta eirexa sea necesariamente posterior, toda ela, a dito século, como di o Sr Lampérez, e menos que a inscripzón do capitel coa fecha de 1194 se refira á consagración de outra anterior, pois non se explica, ademais, que aos poucos anos de erguela tuveran xa que derribala; como non estou tampouco conque todol-os carácteres da eirexa de Cambre non sean anteriores ao século XIII, cando precisamente poucos exemplares habrá do noso románico, que tantos elementos teñan nas naves anteriores, a o dito século como a de Cambre, según vimos a o facel-a descripzón y-a o comparala con outros moimentos nosos da segunda mitade do XII, d'a que tantas eirexas conservamos; e a misma doble influencia compostelán que presenta, unha a da parte da Catedral xa concluída en 1128, y-outra a da obra do Maestro Mateo, d'os anos casi derradeiros do dito século XII, non autorizan as verbas tan radicaes do Sr. Lampérez, e permítenos, en troques, fixal-a cronoloxía do moimento tal como o fixemos, y-a inscripción do capitel y-a donación de doña Urraca Fernández o confirman.

CONCLUSIÓN

Moito poidera decirse encol da importancia que esta eirexa ten dentro da nosa arquitectura; pero repito, o tempo non da pra mais e teñen que quedar pra mellor ocasión con outros datos arqueolóxicos que conserva, as moitas reflexións que nos inspira o análisis detido de tan notabilísimo moimento.

Mais antes de concluire, e sin me deter moito, que pol-a presa non podo, eu pregunto: si as xirolas son propias ou das catedraes, onde concurren as multitudes, ou dos grandes mosteiros de Cister, ou d'as eirexas onde se gardan as cinzas ou reliquias de santos ¿qué razós poido haber pra que a tuvese a de Cambre? ¿Qué importancia relixiosa ou lexendaria pudo ter pra que n'ela se construíse?

Era tradición, recollida pol-o P. Yepes, que n'esta eirexa conservábase un corpo santo, y-hasta creíase que estaba baixo a pedra con inscripción sepulcral na veira, empotrada no muro da nave da Epístola, que fai de dintel a unha ventán, antigamente cegada e oxe descuberta. A eirexa foi adicada a S. Salvador y-a Virxe, pero baixo a mesa de pedra do altar antigo, metido n'un curruncho de outra pedra que un esteo sostiña, encontrouse fai poucos anos, buscando unha cripta y-o corpo santo, que non apareceron, un *cuatrifolium* ou relicario de barro verde vidrado, pequeniño, con cinzas, ou reliquias. ¿De qué santo serían?

Os milagres da Nosa Señora de Cambre eran xa famosos antes do século XVI, y-a sua imaxen, xa tida por vella entón, merecía tal devoción da comarca que de todas partes viña a xente en romaxe e peregrinación, ardendo constantemente trece lámparas diante do seu altare, e cando os ingleses desembarcaron na Cruña, en 1589, e correron as terras, os monxes fuxiron c'o Sacramento e con ela.

N'a eirexa consérvase ainda unha fermosa pía, de airosiña figura, y-a oparecer de pedra de Coimbra, románica de estilo, inda que allea a o noso arte, como vida de outras terras, que as xentes tiñan por unha das sete hidrias das bodas de Caná, que Barros Sivelo (antigüedade de Galicia) di que según documento do 1675, trouxéronna de Palestina, na segunda cruzada, unhos cabaleiros de Galicia; atribuíndolle as xentes poder milagreiro a os polvos que de ela arrancaban.

Y-entre as pedras que baixo c altar se atoparon e que na orta apareceron, hay ladrillos romans e tellas de reborde...

¿Qué segreda relación garda todo, e cal pudo haber sido o orixen de este santuario, que debeu ser de importanza n'os séculos medioevaes?

¿Non parece xustificar todo esto o emplazamento da eirexa y-a importancia arquitectónica que c'o tempo lle deron?

E fermino, sentindo non contar con mais tempo para tratar, c'o detenimento que merece, d'unha eirexa tan importante pra nós como a de Santa María de Cambre.

A Cruña, 1924. ANGEL DEL CASTILLO

Planos e dibuxos do autor.

Este traballo foi presentado con 17 fotografías, 28 dibuxos e 3 planos.

Premiado co premio do Presidente da R. A. Gallega don Francisco Ponte Blanco.

Dibuxo por **FERNANDEZ MAZAS**

Dibujo por FERNANDEZ MAZAS

CANTOS POPULARES DA BRETAÑA (1)

MORRIÑA — (DIALECTO DE CORNOUAILLE)

Argumento *Un mozo das montanas d'Arez, embarcou de mariñeiro n'un barco de guerra -enfermou de morriña. Tiveron que deixalo perto de Bordeaux, onde morreu, de saudades e probeza, antre a palla d'unha corte.*

Iste amor pol-o curro da sua nacenza ê un dos sentimentos decote mellor espresados pol-os poetas populares da Bretaña. Non hai quinto que non faga a sua canzón ô deixal-a Bretaña. Tales canzós están cheas de sentimento anque carezan de poesía.

O mariñeiro das montanas bretonas fixo tamén a sua canzón, qu'un seu compañeiro adeprendeu i-espallou pol-a sua terra.

Istes datos foron donados por un aldeán de la Feuillé, a quen lla adeprendeu un vello muiñeiro; amigo da infanza do mariñeiro-poeta, quen tería agora, si vivise mais de 160 anos.

ANN DROUG-HIRNEZ – IER KERNE

Ann eoriou zo savet, setu ar flik-ha-flok;
Krenvat ra ann avel, mont a reomp kaer a-rog;
Stegna reeur ar gweliou, ann douar a bella:
Va c'halon, siouaz d'in! ne ra med huanada,

Kenavo neb am c'har em parrez tro war-dro:
Kenavo, dousik paour. Linaik, kenavo.
Ar c'himiad ma rann d'id, ken evid da guitat,
Narteza siouaz-d in, da viken, evit mad.

'Vel cunn evnik lammet gand eur sparfel, er [c'hoad,
Deuz a gichen he far pa oant d'en em barat,
Meuz kci kalz a amzer da zonjal d'am glac'har,
Ker buhan am lammer digand ann neb am c'har.

Evel eunn oan a zen, pelleet deuz he vamm,
N'echanann da oela, da deurl klemmou estlamm;
Ma daou-lagad bepred troet trezeg ar plas
Elec'h oud-de chomet, va mignonezik vraz.

Pelloc'h va daou-lagad na weljont nemet mor,
A gren azindan on, a lamm hag a zigor;
Ha pa'z ann da zonjal ma achuet gan-e,
Ha me e gweled mor, em strinka ra d'ann ne.

Pa zeuiz tre el lestr va estlamm a oa braz
Gwelet cur seurt kastel o vralla war mor glaz:
Pevar-ugent kanol, daou-ugent a bep tu,
Ho e'horf briziet enn gwenn livet gand livach.

Ann od evel eur c'helc'h, endro, pell diouz-en,
O ranna enn daou du ar mor braz hag ann nen.
Ha begig ar gwernou, huelloc'h deuz ann dour
Ha n'eo deuz ar vered beg ann huella tour.

Gwel'thoc'h euz war ar roz endro d'ar raden glaz
Ho deuz koulmou awalc'h koulz a-hed hag e [kroaz.
Endro d'eur wern ez euz liesoc'h a funen
Evid a neuden zo endro d'ar radenen.

Allaz! ar Vretoned zo leun a velkoni!
Meveli ra va fenn, ne hallann sonjal mui.
Va c'halon a zigor; 'nn aner rann ar zon-ma;
Marteze, siouaz-d'in! n'em c'hlefot he c'hanal

Ás áncoras erguidas; xa comenza o *flik-ha flok*; o vento ê duro; fuximos â presa cas velas cheas; a terra alónxase; ¡ai! o meu curazón sómentes sabe laiarse.

Adeus os que me queren na parroquea e na bisbarra; ¡adeus, Linaik, miña queridiña, adeus!; douche o meu adeus ô deixarte, cecais pra sempre.

Tal qu'o paxariño roubado pol-o miñato na carballeira, de carón da sua amiga, no tempo dos niños; non tiven cáseque tempo pra me decatar do longor da miña oura. ¡Tan súpeto me tireron da veira de quen me quer!

Como un añiño lonxe da sua nai, eu non paro de chorar e saloucar, cos ollos virados car'ô curro onde ti ficas ¡Ouh, miña dôce amiga!

Decontado os meus ollos non fitarán non sendo o mar, que baixo de min treme, que chouta e se fende, e que, cando maxino, que todo finou pra min, e que xa fico no fondo das augas, bótame car'ô ceo.

Cando entrei no barco foi grande o meu asombro, ollándoo tan grande com'un castelo movido pol-o mar azul; i-os oitenta cañós corenta por costado, emporcallados e pintados de negro.

A riveira, o redor, lonxe de min, semella un circo qu'en dous divide mar e ceo; o cabo dos palos mais outo está encol da auga qu'a cima do mais outo campanario en col do chan d'un adro.

Vichedes ô redor do fento que medra no monte fios sin número cruzados ô largo i-ô través; hai mais cordas ô redor do palo que fios de tea d'araña ô redor d'un pé de fento.

¡Ai! Os bretóns acogúlanse de tristeza! Váiseme a cabeza; xa non podo pensar ren; ábreseme o curazón; fago isla canzón en val; cecais non ma oiredes cantar.

---

(1) De obra *Barzaz Breiz* por Le Vicomte Hersart de la Villemarqué (Perrin e Cie - Paris - 1923, pàx. 466).

NOTA

«Allaz! Ar Vretoned zoleun a velkoni!»

¡Ai! os bretóns acogúlanse de tristeza!

«Lonxe da sua patria – din M. M. Benoiston de Chateauneuf e Villermé, n'un escrito tan imparcial como asisado en col da Bretaña – lonxe da sua patria os bretons non eisisten mais qu'a medias. A miudo morren de pesar por non ollar a sua terra. Cóntase qu'a antiga Compañía das Indias tiña moitas perdas antr'o equipaxe dos seus barcos, formados cuasque todos por mariñeiros da Bretaña, que, levados ás orelas do Ganxes, choraban sen acougo a patria ausente alá morrer de dôr. En cada navío da Compañía embarcaron entón un tocador de *biniou* Ó son d'iste instrumento querido pol-os bretóns, que lle doaba a sua múseca i-as suas danzas, endozaban o longo desterro e as suas saudades (1).

Traduzón de

J. NUÑEZ BUA

(1) *Rapporte d'un voyage fait dans les cinq departements de la Bretagne en 1840 et en 1841.*

30 F.

Par délicatesse
J'ai perdu ma vie

Rimbaud

I-o neno morreu atordoado, bolidor. I-a nai Marela, Marela Salaieira, tola, non aturou; o pobo, denantes rexoubeiro, esquecérase d'elo: anduriña, anduriña atordoada.

Pr'alo, pro San Xoan benzoaría-no n'a eirexa; entón runflaría c-o il n'oadro, pra qu'o pobo, ruín, axouxeiro, parolase.I-a Marela, soñadora, recolleita, es queceu seu xantar.

Mais o neno morreu: fillo d'unha solteira, casamenteiro d'o adro: xa o dixera o crego d'Alais. Marela, Marela salaieira, teu pano bermello xa non che compre.

Marela: pra ti xa non canta a rula, nin os mozos ribeirans teñen galaneios; pra ti a paisaxe non ten côr, nin teus dazanove anos alalás – Ei Marela!

***

A Marela adorme isa arela feita de lembranzas e salaios; seus ollos vagariños, azús, xa non rubeu acesos o vieiro d'Alais; en denantes, troulans, galanos, esquecían os mozos d'o seu vagar; entón rubían as cantigas coma un sortidor, eslumidas e gabaxeiras: eslumidas e gabaxeiras, coma ela n'outrora.

Mais agora... agora a paisaxe non ten côr, nin os paxaros rechouchíos.

As bateladas d'a eirexa lonxana non son as mesmas; en denantes tiñan un pulo mais outo, cecais chegaran o Noso Señor.

***

N'as roladas d'a muiñeira xa seu fuxir non ten duda: compre-lle a Marela unha maor presa n'os amieiros.

A gaita, lonxana, alampa a sua anguria: non; non s'afai n'as foliadas.

***

Ten a Marela n'a sua finistra un maino senso de virxen aldeán: i-as suas meixelas, paseniño, achega-se a serán, namentras as horas, parvas, preguiceiras, peneiran a sua anguria.

***

Marela: pol-o rueiro d'Alais van mozos e mozas camiño d'a festa; o aturuxo rube coma un foguete, fuxindo pro val; e n'a serán ateimada de rechouchios, cauta troulán o carro.

***

Repinican ledas as campás i-o sol faille as veiras – Arela se casar?

Non-o sei.

– Marela: temos d'ir alá!

FERNANDEZ MAZAS

O tecnicismo da prehistoria galega

PREFIXOS DA VERBA *CASTRO*

Iste craro rio cabdal que é o n oso idioma vai sendo esprorador esculcado, enrrequentado dia por dia de mansiño, de mansiño. Foron ouvidos dimpois de cento e tantos anos os laios aloumiñantes de Sarmento; mais non quixo, deica agora, Deus que se manifestase o miragre de un noso leisicólogo e velaiqui que fallan os diczoairos histórico e etimolóxico da lingua galega, tendo como temos moito adiantado cos xurdios estudos do irmán Portugal.

Eisí é que compre unha xuntanza de homes de boa vontade – de aqueles homes a quen Xesús lles prometeu paz na terra – que escomencen a laboura, laboura magna, laboura de vocabularios monográficos, sin dúbida, laboura benedictina, de afervoado sagrifizo que nos repartiríamos todos. Uns a traballar no tecnicismo *náutico* o das verbas de suma sonoridade (treu, ronsel, bourel...); outros no *astronómico* de diczóns pluriverbaes, compostas (estrelada-fartura, carro-do-ceo, sete-estrelo ..); aqueles no *artístico* de verbas nobres, de recendor medieval (cousela, obradoiro, ousia, boula, cáustra...) istes no *prehistórico*.

Do *prehistórico* queremos falar hoxe.

E como a cencia prehistórica é unha cencia nova, o probrema do seu tecnicismo prantéase na Galiza do mesmo xeito que se pranteou n-outras partes e de idéntica maneira que preocupa na actualidade aos nosos veciños os leisicógrafos casteláns, (1).

Os franceses esculcadores porfiosos denantes que outros pobos na virxinidade prehistórica espallaron pol-o mundo unha nomencratura tan arbitraria e sobor de todo tan imprecisa que houbo que facela moitas vegadas, ¿Quen lembra os periodos *calcéutico*, *metabático* e demáis?. Non anda tampouco moi sigura a que rixe e por isto reaccionan os demais pobos revisando e creando parolas acomodadas á formazón fonética do seu idioma e axeitando as francesas mesmas que fiquen insustituibles por corresponder a estazóns prehistóricas tipos de sona universal.

En Galiza velaiquí que temos que facer ista nomencratura ao menos pra nomear a nosa prehistória característica. Vexamos as fontes de creazón.

Asisadamentes tomaron os contados prehistoriadores galegos que escreben no noso idioma as voces técnicas do portugués, moitas das que andan xa aceptadas pol-o mundo científico. Eisí *citania* que designa un xacimento típico da nosa cultura prerromána; eisí *castrexo* co que se indica todo aquel material relativo aso castros. Algún dos nósos houbo – vento que foi Murguía- que creou con grande tino un vocábulo pra designar o característico arte rupestre do Noroeste, *inscultura*, que debemos empregar preferentemente por acomodarse o seu siñificado etimolóxico ao xeito de ser de istas gravuras.

Abandoada a teoría que atribuía orixe céltigo aos moimentos líticos, caeu por terra a nomencratura de istes, formada de verbas bretonas e, anque moi metida nos ouvidos e na testa das xentes, van desusándose as paroles *dolmen*, *crómlech menhir*... en tanto fican perennes as crásicas nosas, as populares de *anta*, *arca*, *pedrafita* .. que dormen nos vellos decumentos.

Pois, como de cote socede, temos que mergullarnos na entrana popular, ucha onde se garda o bon pano idiomático, pra conquerir o tesouro das verbas ancestraes, o instrumental do noso trafego. Non nos estrane pol-o tanto que algunha parola galega de ista procedenza fose aceptada de bon grado pol-os eruditos do mundo enteiro; tal socede con *mámoa*, en

(1) Vide *Carballo* «Excavaciones en la Cueva del Rey en Santander» Madrid, 1928 e principalmente *Cotarelo e Mori* don Emilio: «El Tecnicismo de la Prehistoria» do mesmo lugar e ano.

bretón *galgal*. Lémbrome de un de istos achádegos de léisico prehistórico que chamou a nosa atenzón. Tivo lugar no castro de Couso, freguesía de Sta. María de Couso, perto da Pontevea. Foi o caso que andiveran os canteiros a tirar pedra do curuto do monte algúns días antes da nosa visita, e ao me dirixir á uñha velliña que gardaba gando pra inquirir folklore e mais novas de achádegos feitos nos traballos ditos, a muller espricoume como se tiñan topado *casarellas*. Logo puiden ollar eu mesmo como en efeito andaban esparexidas pol-a croa alicerces de casopiñas circulares antre as que topamos a caraiterística cerámica castrexa. De aquela, matinei de como a verba *casarellas* era doada pra figurar no vocabulairo que se tencione, con preferenza dende logo á de *palloza* con que se coñecen no Cebreiro as típicas construcións, supervivenza das prehistóricas, porque iste derradeiro nome fai relazón á teitume de taes habitazóns e nas primitivas non parez que fose constante o utilizar a palla como material das cubertas. *casarella*, pois, co seu feitío de diminutivo despeitivo, espresa compridamentes o feble ouxeto que a vella quixo dar a entender.

Outra vea de léisico que deita líquido d'abondo é a topografía. Dende logo no onomástico xeográfico de Galiza a verba que mais se repete e que mais aportazóns fai ao vocabulairo de que tratamos é *castro*. Os seus derivados e os seus compostos son moitísimos, porque aparte dos diminutivos e aumentativos de ela mesma, orixina por adizón infinidade de nomes de lugar. Lembrémonos antre os pirmeiros, n-este intre, de *castrillón, castriño, castrigo, castrelo*... Nos segundos a variedade imensa de *Castromao, Castromán, Castromil, Castronovo, Castrofeito, Castrogudín*... Todos aportan o seu haber ao futuro tecnicismo. Pro agora querémonos ocupar de tres compostos, indispensabels pra o mesmo empeño de creazón, que recadamos nas nosas andanzas en percura de castros.

Son eles, *cabicastro, socastro e trascastro*.

Cabicastro = cabo do castro, perto do castro.

Socastro=baixo do castro, ao pé do castro, dependente do castro.

Trascastro=pol-a banda de tras do castro, ás costas do castro.

Fórmanse, como pode ollarse, pol-a xuntanza á verba devandita de prefixos que son: n-un caso a proposizón *cabo* (lat. *caput)*; no outro a partícula inseparabel *so* (lat. *sub)* e na terceira, en fin, pol-a verba *tras* (lat. *trans*.)

O castro, que enche ca sua morea a peisaxe levando cara a íl a atenzón dos ollos e inzando cas suas lêndas a imaxinazón campesía, soxusga tamén a toponimia labrega das veciñanzas. Por iso xurden os tres nomes que damos a conocer n-esta xeira, correspondéndose con tres situazóns de istas terras veciñas en relazón co castro. Eisí serán terras do *cabicastro* no noso peisaxe imaxinativo, aquelas fragas vizosas por onde bule o gando e reloucan os rapaces gardadores, sempre tapizada de herba de cote a frolecer, e será do *cabicastro* aquel fontegal nado baixo a peneda das *coviñas* (outra verba pra o noso vocabulairo que arreda á francesa *fossette* e á castelán *cazoleta)* que vai prado abaixo veireado de espadainas e bimbieiros a se filtrar na terra labrantía multipricado en regatos.

Pertêscerán ao *socastro* aqueles terreos das abas do castro mesmo, onde iste morre suavemente sobor do val n-unha derradeira ondulazón. Están a toxo na nosa peisaxe imaxinaria; pro ainda se ollan con facilidade anacos de valados, alicerces de obras defensivas, muiños de man esnaquizados e cerámicas roxas e grosas espalladas pol-o chán. Istas terras son... e non son terras do castro, porque si ben é certo que a civilizazón mais antiga fica enriba, que na croa e nos reductos está o castro verdadeiro ca sua cultura do ferro e tal vez do bronce, tamén é verdade que eiquí n-estes touzales onde as xestas medran antre traballadas pedras houbo unha vida mais adiantada, baixada do cume quezáis.

O Cuevillas faloume da sua matinazón de si taes chairas do pé dos castros serían lugares onde os romanos obrigaran a se recoller aos indíxenas pra mellor vixilalos, facéndoos abandoar as outuras, dimpois da conquista. Pois ben; elas constitúen o *socastro* (1)

---

(1) Lembramos agora os castros de S. Cristobo de Aiobre e da Bouza en Vilagarcía, o de Figueiras na freguesía de seu nome e o de Lamiño na de Brión, en todol-os que topamos con esa chaira e no derradeiro dos nomeados figura no folk-lore ca espresiva denominanza de *Horta do Rey Mouro*.

Namentras, o *trascastro* ten como suas aquelas leiras, o pinal mais ao lonxe e aqueles poucos carballos que agariman a vellez do pardecento lugar – catro casas e un palleiro – chamado, non-o dubidedes, o lugar do Trascastro. Dende alí xa se non ollan as defensas do monte que están pra a outra banda e vanse esmorecendo conforme se aproisiman. Tampouco é tan traballosa por alí a rubida ao castro, suavízase a costa e non afloran pedras nin valados.

***

Concretemos por romate, a siñificazón de estas verbas que non vin recollidas nos diçzoairos. Valladares trai *so-castro* fora do seu lugar, no artigo *so*. Ao vocabulairo do porvir poderían pasar eisí:

Socastro: chaira eisistente ao pé de moitos castros, diferente das chairas dos reductos que forman o castro propiamente dito, e no que se ouservan restos de antigas culturas.

Cabicastro: terras inmediatas ao castro, pertêscentes ao lugar onde iste asenta, por baixo do socastro e sin formar parte, como o socastro forma, do moimento total.

Trascastro: Terras opostas â parte dianteira do catro, ou sexa a aquela onde acumula as suas obras defensivas.

F. BOUZA BREY

P A R Á B O L A

(Pra MANUEL ANTONIO)

– I –

Tópome ancrado na noite dos mistereos
Botan a sua face pra faguerme siñaes.
Non sei quen para â miña veira
e leva os pensamentos pra deixalos
feitos farrapos, pendurados
nos mastros das chamineas incertos
Dou a volta non sei que man
â lousa borrallenta dos ceos
(os epitafios quedaron do rivés)
i-entr'as sombras latexan ameazas
– son os secadeiros mordegos –
e pasa o tren do Xuicio Final
sacudindo as argolas no silenzo.

. . . . . .

Qué pasa? Venceron os diaños
– di Miguel – e fuxeu Deus
pol-o postigo aberto.

– II –

Lubricán. O rodicio do día o sol
rompe a virxinidade dos hourizontes.
Despertas as aldeas – picariños en coiros –,
dibúxanlle bigotes â mañán
c'as chaminelas de lapiceiros.

C'un atruxo de prata, o río pol-o val
– mozo que ven da tuna –
acoitelou as sombras derradeiras.
i-o galo, brandendo o sable,
bótase âs barricadas do día novo
dend'o fortín do galiñeiro.

– III –

Á noitiña. Tras das finestras
a miña moza chora – sabe que son ateio –
o sapo dalle leuciós â fonte
a leval-o compás, direutor pitagórico,
no tamboril do tempo.

As estrelas amortallan o día
aforcado na cume derradeira.
Os osos, zugados pol-as horas do campa,
[nario-
engarabítanse no vento
mentras unha muller – non sei si canta ou
[reza –
ten man da vaca pol-o comareiro.

OTERO ESPASANDIN

Notas pra un estudo da Urdiñeira

ntre Parada, Pedroso, As Ventas y-o Navallo, nos aledanos do Invernadeiro, érguese un monte cuberto pola Natureza de uces e de fragas e pola Tradición de tesouros y-encantamentos. Este monte, que corresponde a *zona do Poqueiro* de Fontán, figura n'algús mápas co nome de *Urdiñeira*, nome que os veciños das aldeas devanditas asinan solamente â ladeira N. E., que mira cara Parada da Serra. Nós vámoslle dar aquél nome xenérico no correr de estas notiñas, dirixidas a chamar a atención dos especializados e animalos a emprender un estudo sistemático de este anaco da nosa Terra, que cecais esté gardando algún segredo en espera de un inquiridor que o faga luz de groriosa sorpresa na nosa Historia.

A honradez da tención será, sin dúbida, disculpada de abondo pro noso atrevimento de afeizoado. E, xa esto por diante, ahí van os apuntes intuitivos.

I. OLLADA XERAL

A Urdiñeira é, como queda indicado, un estribo montañoso da parte S. do Invernadeiro. Limítano o río Mente, que corre de N. O. a S. E. y-o regueiro de Parada, que se xunta có anterior despois de abrazar a Urdiñeira de N. E. a S. E. Pola parte N. avencéllase co groso do Invernadeiro por medio dos montes de Sahguñedo.

Na punta N. O. da Urdiñeira está o *Castro de Pedroso;* no fondo da ladeira do S., *Valmedo;* no medio de esta ladeira, a *Fraga dos mouros;* no cumio, mirando ô N. E. a *Cova das choyas;* e no remate S. E., pouco antes de xuntarse o Mente co regueiro de Parada, *O Castelo*.

A). *O Castro de Pedroso* é un monte de forma cuasi cónica, situado â beira da aldea que lle dá nome, e arredada do resto da Urdiñeira polo pequeno regato de Cabras. A ladeira do S. é moi empinada, e pola parte do N. hay restos de paredes – parapetos? – esborralladas.

B). En *Valmedo* hay, preto da xuntanza do Mente co regueiro de Cabras, un espazo achairado e con unha parede por un lado, no que se ven unhos fonteliños que amostran o aspeuto de mámoas. Arredor de cada un hay montós de pedras puídas do río, das que tamén está feita a devandita parede.

C). *A fraga dos mouros* non amostra rén de particular. Os vellos das Ventas aseguran que ten no medio un foso que vai saír ô Castro de Pedroso; mais nós non puidemos dar con él. O que se vé é unha fonda escavación feita – según soupemos – por os veciños do Navallo en percura de un tesouro.

D). *A Coba das choyas* (fot. 1.º) chámase así, sin dúbida, porque «choyas» é o nome que teñen en Parada os gabilás, que aniñan nas covarochas do outo talude fragoso onde se abre a cova. As entradas d'ésta que semellan, de lexos, dous arcos de oxiva, están a nivel do chan e chegan cáseque ô teito. Estas duas grandes fenestras miden unhos 8 m. de outo por 4 de ancho. A co:'a terá unhos 6 m. de fondo, 10 de ancho e outros 10 de outura. As duas entradas están separadas por unha que desde fora parece coluna salomónica; mais

GRUTAS PREHISTÓRICAS SITAS A URDIÑEIRA (RIÓS)

esta coluna alóngase cara adentro formando unha sorte de muros, que por pouco non chega a partir a cova en duas que corresponderían ás respeitivas entradas. Y-o mais notábel é que no medio e medio de este «muro» hay unha abertura, unha sorte de fenestra de contorno moi irregular, e que mide unhos 3 m. de outo por 1 m. de ancho – no mais ancho – Polo teito debe haber filtraciós no inverno; pro non hay que pensar en formaciós de cal. A fraga é de xcixo pizarrento.

E) *O Castelo* (dibuxo I) é, como dixemos, o remate S. E. da Urdiñeira. Con relazón o cumio de ésta, o Castelo forma un pequeno petouto, situado en plano algo mais baixo; pro polo S. amostra unha ladeira moi alongada que vai morrer ô río Mente por frente ô Navallo. No curuto ten por este lado ladeiroso unha muralla, conservada n'algún punto y-esborrallada en boa parte. A pequena ladeira da parte N., que mira o cumio da Urdiñeira, está formada por fragas empinadas, e ten cerca da base un ancho foso, perfeitamente apreciabre, como que ten sitios de unhos 4 m. de abertura. Este foso cingue a croa polo O. hasta pouco antes de escomenzar o parapeto, e mais polo N., N. E. y-algo do E. Por este lado a cara de adentro do foso está formada por un muro que está pegando da terra da croa. A poucos metros por fora dos restos de parapetos y-esparexidas no outo da ladeira do S. están as casas.

Porque ha de saberse que o Castelo ten casas de pranta circular, ovalada ou en forma de castañola, de medidas que abolan entre 3 e 8 m. de diámetro e coas demáis carauterísticas que os arqueólogos lle asinan as casas das citanias (lots. 2.º y 3.º). As paredes de sete de estas casas están a vista e moi ben conservadas. Hay algunhas que teñen en pé cerca de un metro de muro formado por pedras de regular tamaño, labradas esteriormente, e postas en duas fiadas horizontás. Algunha vez (fot. 2.º) está aproveitada a cara alisada de unha peneda pra aforrar un cacho de muro.

Mais abaixo de estas edificaciós non se abesullan restos de obras defensivas. En troques, dentro do espazo defendido sólo se poden apreciar (y-eso dubidosamente,) restos de unha ou duas construciós de pedra. Este recinto fortificado, de superficie moi irregular e forte mente incrinada de N. a S. ten forma lexeiramente oval e mide 120 m. no diámetro meirande e 40 no pequeno.

II. AS LENDAS Y-A TRADICIÓN

Temos ouvido a xente das Ventas, de Pedroso, do Navallo e de Parada os siguentes relatos:

1.º No cumio do Castro de Pedroso habia, inda non fai moito, unha fonte na que en certos días y-a certas horas se vía bailar unha moeda como de duas pesetas. Esta moeda era a señal de un tesouro que había enterrado no

medio do monte; mais naide se podía atrever a collela, porque lle podía acontecer a quen tal fixera unha grande desgracia. A natureza de esta desgracia non se precisa.

Os restos das paredes que hoxe se ven no Castro foron antigamente casas de unha certa xente («mouros» ou «franceses») que alí vivía. Os veciños apañaron moitas pedras do Castro pra facer as casas de Pedroso.

2.º Na Fraga dos mouros hay outro tesouro. Eiquí saía a peitearse algunhas mañanciñas unha moura moi fermosa que vivía n'un pazo dentro do Castro e que chegaba hastra esta fraga, por un camiño que hay debaixo da terra. Neste sitio atopouse, fai tempo; un coitelo de ouro. Non se sabe quén o topou.

3.º Na Cova das choyas viviron os «mouros». Tamén se asegura que arranca de alí outro camiño souterrado que vai dar ô Castro de Pedroso.

Un home que estaba arrancando torgos cerca da Cova das choyas viu vir cara él, chouchando pola ladeira abaixo, «un cubetiño que brilaba coma se fora de ouro» e que ô chegar ô medio de unha lameira que alí hay, enterrouse, facendo surtir un outísimo chorro de auga. Si o home non se asustase e lle votara enriba unha chaqueta de lá, o tesouro quedaría desencantado.

Outro home viu no mesmo sitio un grandísimo culebrón, que era un tesouro encantado.

4.º Ô Castelo iba saír outro enterrado camiño, por o que viñan os mouros dende o Castro cando traguían o gando a pastar.

Tamén no Castelo se vía a moura fermosa, que eiquí amostrábase levando unha grande pedra enriba da cabeza.

***

E agora ouvide as grandes cousas que nos contou un home do Navallo certa tardiña que tornábamos de votarlle unha ollada ô Castelo.

Como levábamos unha guincha pra escarbar na pranta de unha das casiñas redondas, o bó do paisano tomounos por buscador de tesouros e saudounos rindo con picardía e dicindo:

– Ahí, ahí o dá o «libro».

Votamos un pito e turrámoslle pola lengua. Y-o home aquel díxonos, trasladando o que tiña ouvido ôs mais vellos do lugar:

– O entrar «os franceses» no Navallo os veciños escapáronse pra este monte e fixeron esas casas pra acollerse y-o foso y-as paredes pra se defenderen. Logo, así que pasou a guerra, volveron pró lugar y-estas casas quedaron abandoadas,.... Por certo que d'aquela os nemigos xa eran donos de toda a Hespaña; sólo lles faltaba esta provincia. Mais eiquí tocoulles perder, porque hasta as mulleres pelexaron contra eles... Contan que un home que tiña un cañón foi morto polos franceses, y-estonces a muller, toda enrabechada, colleu o cañón de seu home púxoyo no tellado da casa y-o acercarse un montón de nemigos, disparouno, matándoyos a todos....

O «libro» de que nos falara o labrego, e que acadamos a conquerir – despois de traballosas xestiós – resultou ser «O grande libro de S. Cypriano» – edizón brasileira, Río de Janeiro.

1893 Na sua Terceira Parte, que leva o sub-título «Os tesouros da Galliza», inserta, ademais de outras cousas rarísimas, os «Inquerimanços de S. Cipriano, ou prodigio do diabo



(historia verdadeira, acontecida na Galliza» – onde se supón â nosa Terra sementada de tesouros e se fai vir a un labregro francés pelegrinando polo Camiño de San-Thiago –, e unha «Relação dos thesouros da Galliza, extrahidos d'un pergaminho achado no século XI,» advertindo: «O precioso pergaminho, que vamos pubricar pola primeira vez, foi encontrado nos aliceres do castello mourisco de S. Gutierre de Altamira, no anno de 1065, época em que D. Fernando o Grande, rei de Leão entregou os dominios da Galliza a seu filho García. – Existe actualmente en Barcelona na *Biblioteca Académica Peninsular Catalana*, de D. Gumersindo Ruiz Castillejo y Moreno, estante n.º 76 – A – onde pode ser visto pelos curiosos que o reclamarem. Damos aqui a copia fiel do orixinal, traducido para o noso idioma».

Pois ben. Na «Relaçao dos thesouros e encantos (extracto do pergaminho» non atopamos ningunha referencia ô Castelo. Mais o caso é que unhos homes do Navallo anduveron cavando alí en percura de un tesouro; y-o pior do caso foi que cavaron cuasemente no medio de un toutelo que hay pouco mais arriba do pozo e que ben puidera ser unha mámoa. Atoparon – según ouvimos – «tres ou catro espetos de pedra formando cerco; logo, dentro do cerco, sinales de carbón desfeito; e, cavando mais, o fondo de un pucheiro de barro, quetiña cuase unha cuarta de anchor.»

III. OS ACHÁDEGOS

Ademais do que podía haber de certo na descoberta que acabamos de referir, na Cova das chayas foi atopado un punzón de óso, de unhos 5 cm. de longo, con fiestra redonda n'unha punta, e de feitio pouco acabado. Chegou a noso poder, mais tuvemos a disgracia de perdelo. E pra que se vera que n'estes apuntes non é todo pantesía, digamos axiña que no fondo da ladeira que comenza ô pé da Cova das choyas foron topados, xa perto do río; dous brazaletes de ouro e un ouxeto redondo. De este achádego falou a prensa de Ourense, dando orixen pre-romano ôs devandiios brazaletes. Temos noticias cuase certas de que todo veu parar âs mans de un conocido colecionista de Santiago.

VI. RELACIOS

Non muy lexos da Urdiñeira, no cumio de un monte que separa a Parada de Erosa, descubríuse, deitada no chan, unha lápida de pizarra, de 1'45 x 0'50, qne ten no comenzo da cara de fora esta inscrición A-HCOQ-Q-AIQZYM en catro ringleiras dispostas do xeito que aparece no dibuxo II.

Perto do Navallo, n'un altiño que lle chaman

A Vidueira, hay unha peneda que ten unha cara sementada de «ferraduras» e outros sucos: os que mais se repiten son as «ferraduras», as cruces y-os puntos (fot. 12) dibuxo III.

Alguén quixo coutar as nosas fantasías decíndonos que todos estes sinos serían cousa de algún desocupado bulrón. Mais xa o desconfiado ten dúbida de abondo dende que inquiri-



mos que en Mansaforos, a unhos 40 Km. da Vidueira, hay un monte que lle chaman *Monte*



da pía e no cumio dél unha pedra c'un burato no medio e con moitas «ferraduras», cruces e puntos gravados no bordes da «pía» (dibuxo IV).

V

Este último apartado coidábamos adicalo ás obrigadas concrusións. con nomes e sinificación de «pantasías»; pro xa tornamos o acordo. porque, acabando de esgarabatar estes apuntes, soupemos que o estudo en serio da Urdiñeira non tardará, felizmente, en ser un feito, gracias ô intrés y-a autoridade do noso amigo e irman Florentino L. Cuevillas. E xa comprenderedes que, estando o autor de *A Edade do Ferro na Galiza* disposto a poñer maus no asunto, o anunzo das suas científicas afirmacións sírvenos de abondo pra aforzar as nosas cativas pantasías.

ANXEL R. CERDEIRIÑA

As Ventas, V - 926.

***

Solo duas notas os feitos tan teimosamente ouservados pol-o noso amigo e irman Romero Cerdeiriña.

Refírese a primeira as xoias da Urdiñeira cuia reproduzón pode ollarse no B. de la C. de Monumentos de Ourense, vol VI, núm. 140 ano de 1921, e que teñen boa paralela nos brazaletes que aparezeron en compaña das diademas de Melide, e a segunda pra facer notar soiamente a aparizón na nosa terra dos sinos a xeito de ferradura e de M, estilizazón derradeira de mulleres de pé e de homes e mulleres sentados, formas que atá de agora non apareceran en fatos na Galiza se non illados entre outras composizós (Mogor, Eira dos Mouros).

De unha e de a outra cousa falaremos de vagar en dous traballos que temos en prepara e que se pubricarán no Bulletí de l'Associació Catalana d'Antropología, Etnografía e Prehistoria.

Non remataremos sen felicitar o Sr. Romero Cerdeiriña pol-as suas fermosos descobertas.

F. L. C.

Imprenta LAR. Real, 36 - A CRUÑA

XASTRERÍA

CRECENTE IRMANS

A MILLOR DE GALICIA

REAL, 28 A CRUÑA

PALACE HOTEL

RESTAURANT

Rúa do Principe, 9 e Policarpo Sanz, 10 - VIGO

Inaugurado o 1.º de Xunio de 1926

SITUACIÓN ÚNICA

Edificio, mobiliario e material moderno e novo. - Ascensor. - Auga corrente fría e quente en todal-as habitacións. Quince cuartos de baño. - Habitacións con cuarto de baño. - Excelente cociña. - Omnibus. - Garaxe.

PONTEVEDRA -- PALACE HOTEL

Director e propietario: VICENTE MANUEL LOSADA

Restaurant do Kiosko Alfonso - A Cruña

Director e propietario: MANUEL LOSADA

Granxa Monteporreiro

PONTEVEDRA

AVES e HOVOS de raza para plantel.
COCHOS de distintas razas, puros e cruzados.
Variedade de COELLOS XIGANTES.
VEGONIAS e VIVEIROS de plantas de producción e adorno

Esta Granxa ten sido premiada pol-o Xurado, no concurso celebrado pol-a Excelentísima Diputación Provincial celebrado o primeiro de Novembre de 1925 con dez premios po l-as suas difrentes razas puras de aves, coellos e productos de Agricultura

PREMIO EXTRAORDINARIO DE HONOR EN RAZA PORCINA

Pedir informes e detalles de venda â Adeministración

FRANCISCO HERMIDA

TELÉFONO, 32

Gran Tintorería ESPAÑA

PROPIETARIO: **Antonio Pérez Gentes**

TALLERES AO VAPOR

CAMIÑO A RAMIREL — SANTIACO

TELÈFONOS { 117, Talleres / 537, Sucursal na Cruña

Execución de toda a clás de traballos de tinte, limpeza e quita manchas, con incomparábel perfeición, baratura e prontitude, somentes son posibres coa nosa costosísima e modernísima instalación mecánica única única na Galicia. - Primeira casa na España que ten os aparatos mais modernos SHARPLES, para a limpeza por hidrocarburos, e a primeira en Galicia en adoitar o planchado a vapor HOFF-MAN

LIBREIRÍA RELIXIOSA

CENTÍFICA E LITERARIA

XOSÉ GALÍ CAMPS

Rúa do Villar, 66 — **SANTIAGO**

Gran surtido en obras de mediciña, cirurxía, farmacia e dereito. Literatura relixiosa e de recreo

Se venden a prazos convencionaes as obras que se desexen

Libreiría de X. CASAS

REVISTAS E LIBROS

ESPECIALIDADE EN LIBROS GALEGOS — LIBROS RAROS

MENAXE DE ESCOLAS

Sortido comprelo en todol-os artigos do ramo

Praza Mayor, 20-Ourense

Apartado 67

Teléfono urbano 78
Id. Interurbnao 49

Fernández, Torres e C.ª

FERROS -- ACEIROS -- FERRETEIRÍA

MAQUINARIA AGRÍCOLA

Linares Rivas, 12 — **A CRUÑA**

PELUQUERIA de BARREIRO

Seizón das donas

Rizado eléitrico permanente

Michelena, 4 - Teléfono, 184

PONTEVEDRA

AURORA MARIÑO

Unica casa galega
en **PORCELANAS**
de Saxonia, Copenhagne e Sevres
en **CRISTALERÍA**
de Boemia, Venecia e Charlerol

P. Sarmento, 3 — **PONTEVEDRA**

EL PROGRESO

FÁBRICA DE CARAMELOS E BOMBÓS -- Especialidade en caramelos refrescantes

GLACIAL CITRON

FÁBRICA: Galera, 50 DESPACHO: Real, 50 e 5

A Cruña

GRAN TINTORERÍA

"LA DIOSA"

TALLERES A VAPOR CON TODOL-OS ADIANTOS MODERNOS

En SANTIAGO, Fuente de San Antonio, 15

e FERROL, Ruvalcaba, 83

Despachos na rúa Real, 125 y 126

Sucursales en

Betanzos, Puentedeume, Villagarcía, Tuy e Noya

VERDADERA PRONTITUD, ESMERO E ECONOMÍA EN TODOL-OS TRABALLOS

XOSÉ DOMINGUEZ

ULTRAMARINOS

FARIÑAS

CEREAIS

Ponte Maior - Canedo - Ourense

PLUS - ULTRA

Compañía Anónima de Seguros Xérales

(antes Centro Catalán de Aseguradores)

FUNDADA EN 1887

Domicilio Social: BARCELONA, Parque, 1

Dirección Organizadora: MADRID, Pl. das Cortes, 6

Transportes,

Incendios,

Vida,

Maquinaria,

Accidentes,

Delegado para Galicia

SANTIAGO CRESPO MONJARDIN

Velázquez Moreno, 24 - VIGO

Autorizado pol-a Inspección Mercantil e de Seguros con fecha

22 de Octubre de 1925

O PAZO DE XUSTICIA DA CRUÑA



Contratista: **D. SEVERIANO MONTOTO** — Arquitecto do proyecto **D. JULIO GALAN** — Arquitecto da contrata **D. PEDRO MARIÑO**

Todo o cemento que se empreará n-estas obras – unhas duas mil toneladas – será

Portland Rezola Ancora

contratado cos seus vendedores excrusivos para as provincias da Cruña e Lugo

INSUA y VIZOSO S. L. **OFICINAS: Avenida de Rubine, 1 -- A CRUÑA**

Esta casa acaba de contratar tamén 1.500 toneladas para as obras do muelle da Puebla do Caramiñal subastadas poi-os señores, Fontao e Malvar

Insua y Vizoso S. L.

VENDEDORES EXCRUSIVOS DO CEMENTO

REZOLA

PARA AS PROVINCIAS DE LUGO E A CRUÑA

MATERIALES DE CONSTRUCCION E SANEAMENTO

A CRUÑA - FERROL

A CRUÑA { Oficinas e Exposición Avenida de Rubine, núm. 1
Almacés: Plaza de Pontevedra, 29 e Francisco Mariño

FERROL { Oficinas e Exposición: Real núm. 183
Almacés: Baterías, 1 - Espartero, e Real, 148

Asfaltos da Compañía de Asfaltos de Maestu

Tellas plana "Imperial" e ladrillería "Trascueto" Ladrillos Puente Cesures

GRAN HOTEL ARGENTINA

É o mellor, o maor e o de mais numeroso persoal

AUTOMÓVIL PROPIEDADE A TODOL-OS TRENES

Teléfono 74 — Telegramas / Telefonemas } ARGENTINA

Senra, 8, 10 e 16 — SANTIAGO

GRAN CAFÉ RESTAURANT **ESPAÑOL** Rúa do Villar

AMERICAN-BAR

Instalado na Ferradura

Propietario: MANUEL RAMALLO GOMEZ :-: SANTIAGO

GRANDES CONCERTOS - ARTE - LUXO - CALEFACCION - CHOCOLATES - TÉS - COCKTAILS - CERVEZA - APERETIVOS - MERENDAS - CAFÉ - EXPRES

Hernández H.nos

ORFEBRERIA

ARTE COMPOSTELANO

Santiago - Vigo

OKO

LIMPA TODO

CARLOS VALENCIA - Farmacia - OURENSE

OS CHOCOLATES

FABRIL REAL CORONA

son os preferidos pol-a sua fina elaboración e gusto exquisito

CRASES GARANTIDAS

PÍDANSE EN TODOL-OS ESTABLECIMENTOS

preferidos pol-a sua boa calidade, elaboración esmerada e gusto exquisito

José Benito Pardo :-: Lugo

Casa MORAES

Taller de Pinturas Decorativas e de Edificios

San Andrés, 9



Taller de pintura de Automóviles

Con estufa de calefacción, única en Galicia

Juan Flórez, 28

CASA CENTRAL, SAN ANDRÉS, 9

A CRUÑA

Augas bicarbonatado-sódicas de

M O N D A R I Z

FONTES DE GÁNDARA e TRONCOSO

Propiedade dos FILLOS DE PEINADOR

MONDARIZ—BALNEARIO está situado a 35 hilómetros de Vigo e a 20 das estaciós de Porriño e Salvatierra de Miño

O Hotel do Estabrecimento está aberto do 1.º de Mayo a 31 de Octubre

CERTIFICADO

Reembolso